

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DE
LINGUA GALEGA E LITERATURA

Curso 2014-2015

CPI Cernadas de Castro. Lousame

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN.....	4
1. ANÁLISE SOCIOCULTURAL E LINGÜÍSTICA. REFERENCIA AO PEC.....	4
2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO.....	7
3. MARCO NORMATIVO.....	7
II. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	9
1. OBXECTIVOS.....	10
1.1. OBXECTIVOS XERAIS.....	10
1.2. OBXECTIVOS POR CURSOS.....	11
2. CONTIDOS.....	14
3. TEMPORALIZACIÓN.....	29
4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	30
5. MÍNIMOS ESIXIBLES.....	34
6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	37
7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	38
8. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	39
9. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA.....	40
10. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC.....	41
11. PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES OU DA NOTA FINAL DO ALUMNADO CON PROGRAMAS DE REFORZO CON ATRIBUCIÓN HORARIA.....	43
III. PLAN DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DO ALUMNADO SEN REFORZO.....	44
1. CONTIDOS ESIXIBLES.....	44
2. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.....	44
3. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN.....	44
4. CRITERIOS PARA SUPERAR AS MATERIAS PENDENTES POLA AVALIACIÓN CONTINUA.....	45
IV. ASPECTOS XERAIS.....	46
V. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	47
VI. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	48
VII. PROGRAMACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS.....	51
VIII. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	53

IX. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	54
X. PROGRAMACIÓN DAS MATERIAS PARA CADA CURSO DE ESO.....	55
1. 1º ESO.....	55
2. 2º ESO.....	82
3. 3º ESO.....	115
4. 4º ESO.....	143
XI. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN.....	184

I. INTRODUCCIÓN

1. ANÁLISE SOCIOCULTURAL E LINGÜÍSTICA. REFERENCIA AO PEC.

A elaboración da programación didáctica para a ESO no noso centro nace condicionada pola análise sociolingüística que se realizou para a elaboración do noso PEC. Ademais, tomaremos como punto de partida fundamental o traballo ata o de agora desenvolvido na educación primaria, co fin de garantir a maior continuidade e coherencia posibles no paso dunha etapa á outra. Así mesmo, á hora de programar o segundo ciclo, terase en conta o traballo desenvolvido no primeiro ciclo o curso anterior. Para iso faremos avaliacións iniciais en todos os cursos, de xeito que se fagan as adaptacións do currículo o máis axeitadas posible á realidade física, humana e académica dos mozos/as do centro.

Polo demais, teremos en conta outros aspectos importantes que esixen a atención á diversidade, como: a) a presenza de alumnos con necesidades educativas especiais; b) claros desniveis formativos en cuestións básicas como a lectura, a escrita ou a comprensión; c) a presenza de alumnos repetidores...

O contorno do centro e o medio sociocultural.

No proxecto curricular debemos ter en conta as peculiaridades diversas que ofrece o centro educativo onde impartimos os dous ciclos da ESO, na procura dunha maior adecuación entre as propostas curriculares e o contexto socioeconómico e cultural no que se desenvolve o traballo diario docente: o ambiente familiar, as características do noso alumnado, do centro e do contorno que o rodea.

A maioría do alumnos que cursan ESO no CPI Cernadas de Castro, situado no lugar da Silva, Lousame, proceden do medio rural –distintos lugares das parroquias de Tállara, Aldeagrande, Fruíme, Vilacoba, Lesende e San Xusto. Esta situación xeográfico-social ten a súa repercusión en aspectos socioculturais (poucas oportunidades e posibilidades de desenvolver ocupacións culturais e formativas, etc.) e lingüísticas (maior emprego do galego que nos alumnos/as de procedencia urbana ou mediourbana...), o que se pon de manifesto, ademais, en variadas respostas actitudinais dos propios alumnos e alumnas. Menos da metade dos alumnos realizan actividades de ocupación do tempo libre, sobre todo deportivas e algunhas musicais (bandas de música, coros, grupos de gaitas...) Practican pouco a lectura; por exemplo, os xornais entran todos os días nunha porcentaxe escasa dos fogares, e neses casos moi poucos rapaces len a prensa todos os días ou a fin de semana.

O nivel cultural dos pais, segundo as observacións realizadas para o PEC, é maioritariamente “primario”, só unha pequena parte ten un contexto familiar con estudos superiores e con estudos medios. Este dato influirá no ambiente familiar en relación co estudo e a educación dos fillos, dado que non todos os rapaces van poder recibir no seu fogar a mesma atención educadora nin van poder contar cos mesmos recursos de apoio para o seu traballo formativo diario. Aínda que as expectativas dos pais respecto do futuro profesional dos fillos pasa por apoialos para a realización de estudos medios, cabe pensar que en xeral os/as alumnos/as non reciben na súa casa a atención educadora integral e continua que necesitarían como soporte básico para a súa actividade escolar.

A realidade lingüística no noso contorno escolar.

A maioría do noso alumnado naceu en Galicia, case todos no medio rural, en aldeas ou lugares das distintas parroquias do Concello de Lousame, e ese é agora o seu lugar de residencia habitual na maioría dos casos. Só unha mínima porcentaxe, correspondente a fillos de emigrantes, naceu fóra de Galicia, e agora tamén vive no medio rural. A eles hai que engadir un grupo de alumnos, cada vez maior, que viven na vila de Noia, polo tanto alumnos semiurbanos.

Unha maioría aínda ten como lingua materna o galego e considera que esa é a lingua na que mellor se desenvolve.

Os primeiros contactos co castelán tiveron lugar grazas á escola, o medio social e aos amigos. Os que non aprenderon a falar en galego afirman maioritariamente entendela e algúns son quen de falalo.

En canto á percepción da súa competencia na nosa lingua, case todos afirman ser quen de entendela, falalo, lelo e escribilo. Algúns mesmo afirman coñecer a súa gramática e a súa historia. Con todo, unha porcentaxe significativa, e en progresivo aumento, di ter só competencia pasiva: entende o galego falado ou escrito. O preocupante é que, efectivamente, vai aumentando cada ano o número de alumnos incapaz de manter unha conversa en galego; esta porcentaxe aumenta cando a variedade que se usa é a lingua estándar.

No ámbito educativo, a maioría falan só galego ou maioritariamente galego, e un número pequeno, pero que crece cada ano, usa sempre ou maioritariamente o castelán.

No tocante aos usos orais, cos amigos moitos alumnos falan sempre ou case sempre na súa lingua materna, igual que cos seus irmáns. Cos pais, a lingua vehicular é tamén a materna, pero o uso do galego aumenta cando falamos da relación cos avós; ata o de agora mesmo os nenos castelán falantes interactuaban con eles en galego, lóxico se temos en conta que esa é a lingua habitual dos avós, pero esta porcentaxe tamén vai diminuindo a favor do castelán. Cos descoñecidos, pouco máis da metade usa sempre a lingua autóctona e outro número moi importante, máis a nosa lingua que a castelá. Con todo, as porcentaxes de uso do castelán, loxicamente, aumentan. Pola contra, se se dirixen a eles en galego, case a totalidade deles afirma usar ese idioma.

Se falamos dos usos escritos, fóra das lecturas obrigatorias da escola, case a metade dos alumnos len pouco ou nada e a outra metade repártense entre os que len bastante ou moito (un pequeno número). Daqueles que afirman ler, dedícanse sobre todo á lectura de, por orde de preferencia, cómic, revistas e literatura. Cando se lles pregunta en que lingua, a resposta está repartida entre galego e castelán, pero non parecen escoller por razón de lingua. Parece que se le máis en galego dependendo da oferta : len máis poesía e novela en galego e máis revistas e cómics en castelán, porque tamén a oferta é maior nestes apartados.

Nos usos escritos formais (cartas, impresos,...), aproximadamente a metade utiliza o galego a maioría das veces; a outra metade usa sempre ou case sempre o español. Estas porcentaxes repítense no uso da lingua na rede: chats, blogues, redes sociais, ...

En canto aos medios de comunicación, case a metade dos alumnos enquisados

afirman ver a televisión máis de dúas horas diarias e un pouco máis da metade vena entre 1 e dúas horas. Deles, só unha minoría ven a canle galega moito ou bastante, e moitos deles non a ven por elección propia senón dos maiores da casa. Así mesmo, escoitan a radio menos alumnos, e unha ampla maioría nunca escoita a radio galega ou programas en galego.

Con base nestes datos, a programación didáctica fomentará unha actitude de sensibilización (de aí a importancia de traballar os contidos actitudinais) cara á lingua e procurará un desenvolvemento cuantitativo e cualitativo de aprecio por ela, con especial atención á competencia lectora e escrita e á consideración social do galego. Ao ser a escola un ámbito privilexiado de concienciación lingüística e cultural, e ao mesmo tempo, un instrumento fundamental para o cambio dentro da sociedade, non só traballaremos as actitudes positivas para o noso idioma desde a área de lingua galega e literatura, senón que dende o propio centro educativo, a través do PEC e do PLC, se planificará un traballo lingüístico que, como mínimo, desenvolva na práctica o Decreto 79/2010, do plurilingüismo no ensino non universitario (DOG de 20/5/2010).

2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO.

O departamento de galego está integrado por tres profesoras:

- Concepción Leal Gómez, profesora definitiva e actual Secretaria do CPI. Imparte clase en 1ºESO A, 1ºESO B e en 4ºESO A.
- M^a de Lourdes García Hermida, profesora con destino definitivo este ano. É a xefa do departamento e imparte clase en 2ºA, 4ºB, Ámbito Sociolingüístico en 4ºC e Reforzo de lingua en 1ºESO A e 1º ESO B. Tamén é titora de 2ºA.
- Fátima Miguéns Horta, que impartirá Lingua galega e literatura en 2º ESO B, 2º ESO C, 3ºESO A, 3º ESO B, Reforzo de lingua en 2ºESO A e 2ª ESO B. É titora de 2ºESO C Ademais é a coordinadora do Equipo de Dinamización Lingüística e completa o seu horario impartindo Latín en 4ºESO.

3. MARCO NORMATIVO.

- Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Decreto 324/1996, de 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- Decreto 7/1999, de 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Orde de 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (LOE).
- Real Decreto 806/2006, de 5 de xullo, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación educativa, regulada pola LOE.
- Decreto 85/2007, de 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego de Convivencia Escolar.

- Decreto 133/2007, de 5 de xullo, que regulará os currículos de 1º e 3º da ESO, de acordo coas directrices fixadas no capítulo III da LOE.
- Orde de 30 de xullo de 2007, pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria.
- Orde do 6 de setembro de 2007, pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de 21 de decembro de 2007, polo que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de 23 de xuño de 2008, que modifica a de 21 de decembro do 2007, pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Circular 8/2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade.
- Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Lei 4/2011, de convivencia e participación.
- Orde do 13 de xuño de 2014, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2014/2015 nos centros docentes sostidos con fondos públicos.
- Decreto 229/2011, de 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

II. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia en comunicación lingüística

1. Expoñer, con precisión e no rexistro adecuado, as opinións, sentimentos ou ideas que suxire un texto oral ou escrito ou unha intervención allea.
2. Producir textos orais ou escritos de distinto tipo (narracións, diálogos, descricións, exposicións...), respectando a súa estrutura e adaptándose á situación comunicativa.
3. Utilizar os coñecementos sobre os mecanismos de funcionamento da lingua para expresarse adecuadamente, tanto de maneira oral como escrita.
4. Ler textos literarios, en voz alta e en silencio, individualmente ou en grupo, como medio de coñecemento e goce persoal
5. Crear textos como medio de expresión das propias ideas ou sentimentos e como fonte de pracer, buscando a súa calidade estética.

Competencia matemática

1. Interpretar con claridade e precisión os datos que nos ofrecen os distintos tipos de texto, especialmente os expositivos e argumentativos

Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.

1. Analizar con espírito crítico as mensaxes informativas e publicitarias relacionadas coa saúde e o contorno físico e natural.

Competencia no tratamento da información e competencia dixital

1. Buscar e seleccionar información extraída de textos procedentes dos distintos tipos de medios: impresos, audiovisual, multimedia, atendendo ás especificidades de cada soporte.
2. Analizar a información que nos ofrecen estes medios de xeito crítico e responsable.

Competencia social e cidadá

1. Coñecer e valorar as circunstancias sociais e históricas que viviron os galegos ao longo do tempo, valorando a súa influencia na obra dos nosos escritores.
2. Saber expresar as propias ideas con claridade e corrección e escoitar as intervencións alleas con respecto ás normas que rexen os intercambio comunicativo.
3. Utilizar o diálogo como medio de resolución de conflitos.

Competencia cultural e artística

1. Coñecer as distintas correntes literarias da literatura galega e valoralas como manifestacións culturais do noso país.
2. Aprezar a lingua como sinal de identidade do noso pobo e parte do noso patrimonio cultural.

3. Elaborar textos literarios como medio de expresión das propias ideas e sentimentos e como medio de mellorar a creatividade.

Competencia para aprender a aprender

1. Ler con atención para comprender diferentes tipos de textos co fin de extraer información deles.
2. Organizar a información dun texto mediante diferentes técnicas: resumos, esquemas de números, letras, frechas...
3. Formular con precisión as cuestións necesarias para resolver as dificultades que nos presentan os textos lingüísticos e literarios.

Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal

1. Traballar con constancia e responsabilidade, tanto en grupo como individualmente.
2. Saber avaliar os traballos propios de alleos, tendo en conta as capacidades de cada un, os obxectivos marcados e os medios de que se dispón.

1. OBXECTIVOS

1.1. OBXECTIVOS XERAIS

- Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.
- Expresarse oralmente de xeito correcto e coherente, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e colaboración cos demais.
- Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.
- Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para procesar e analizar información e redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.
- Utilizar autonomamente a biblioteca, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar e valorar informacións de diferentes tipos.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua para comprender textos orais e escritos.
- Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, así como as que hoxe condicionan o seu uso.
- Analizar os diferentes usos sociais da lingua para evitar os estereotipos que supoñan suizos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
- Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer e enriquecemento persoal.
- Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as especificidades internas de cada xénero.
- Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

1.2. OBXECTIVOS POR CURSOS.

1º ESO

- Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos de distintos ámbitos, seguindo instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe..
- Realizar exposicións e narracións orais planificadas claras e áxiles e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Elaborar narracións e descrições seguindo un modelo, así como outros textos sinxelos propios da vida cotiá, das relacións sociais e dos medios de comunicación. Planificar e revisar os ditos textos coa axuda do profesorado aplicándolles normas básicas de adecuación, de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.
- Consultar, baixo a dirección do profesorado, textos en diferentes soportes, co fin de extraer a información solicitada e incorporala ás propias producións.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito dirixido os propios textos.
- Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar unha terminoloxía lingüística básica.
- Observar os condicionamentos máis evidentes da valoración e uso social do galego e utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- Recoñecer a diversidade lingüística do mundo actual, con especial atención ao contorno peninsular; coñecer e usar os dereitos lingüísticos.
- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e recoñecendo os trazos xerais do xénero.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos xenéricos e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos a empregar.

2º ESO

- Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación e do ámbito escolar, así como seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos escritos dos ámbitos social e académico, así como seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.

- Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de informacións de actualidade poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar uns mesmos feitos de diferentes medios, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Escribir –a partir de modelos aos que incorporar as propias achegas– textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico. Planificar e revisar os ditos textos con progresiva autonomía aplicándolles normas de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.
- Consultar de maneira progresivamente autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar a información relevante e incorporala ás propias producións, especialmente a traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar unha terminoloxía lingüística básica.
- Observar os condicionamentos actuais da valoración e uso social da lingua galega e utilizala con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- Recoñecer e comprender a diversidade lingüística do mundo actual.
- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando o uso dos elementos do xénero, o punto de vista e o emprego da linguaxe.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos dos subxéneros e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán.

3º ESO

- Comprender a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias de textos propios dos medios de comunicación audiovisual. Seguir e recoller resumidamente o desenvolvemento oral dunha exposición académica.
- Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos escritos do ámbito público e dos medios de comunicación, así como da vida académica, analizando criticamente os seus contidos, interpretando as connotacións e

mensaxes implícitas que deles se deduzan e inferindo o tema principal e os secundarios. Comprender e seguir as instrucións que regulan a vida social e os procesos de aprendizaxe complexos.

- Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade contrastando os diferentes puntos de vista e opinións expresadas en distintos medios audiovisuais. Participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen e adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua, e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.
- Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega anterior ao século XX; extraer os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego; utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- Recoñecer as causas da diversidade lingüística e dos procesos sociolingüísticos e mais coñecer e facer uso dos dereitos nesta materia.
- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando a estrutura, o punto de vista e o emprego da linguaxe.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, á evolución dos xéneros, formas e estilos e funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos a empregar; explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen os autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas.

4º ESO

- Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade, social, cultural e académica.
- Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
- Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.
- Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.

- Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar información de diversos tipos e opinións diferentes.
- Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.
- Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculo para a súa utilización en calquera contexto e situación.
- Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.
- Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
- Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
- Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
- Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

2. CONTIDOS

1º ESO

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios dos medios de comunicación, especialmente de novas de actualidade próximas aos intereses do alumnado.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentación de tarefas e de instrucións para a súa realización ou breves exposicións orais de temáticas variadas.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa. Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes dos informativos dos medios de comunicación. Identificación dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes e procura de alternativas.

- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Producción de textos

- Exposición planificada, clara e ordenada, coa axuda das TIC, de informacións de actualidade que interesen ao alumnado tomadas dos medios de comunicación.
- Narración oral coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC a partir dun guión preparado previamente, incluíndo descricións sinxelas, ideas e valoracións relativas aos feitos expostos.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións, exposición de conclusións...).
- Coherencia entre comunicación verbal e non verbal na produción dos discursos e presentacións orais.
- Participación en situacións de comunicación reais ou simuladas propias da vida cotiá do alumnado adoptando o rexistro adecuado ás mesmas.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva aplicadas, por exemplo, á expresión e recepción de sentimentos positivos.
- Interese por producir enunciados correctos e non interferidos dende o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como mensaxes de chat e de correo electrónico, normas e instrucións de uso.
- Comprensión de textos dos medios de comunicación, sobre todo de noticias relacionadas coa vida cotiá, atendendo ao lugar que ocupan na estrutura do xornal, á información dos feitos e aos elementos paratextuais.
- Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo (incluídos webs educativos e informacións de dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes).
- Detección do tema e dos subtemas de narracións e aplicación a elas de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo.
- Utilización dirixida da biblioteca do centro e das TIC para obter tanto información como modelos para a composición escrita.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes das informacións dos xornais. Identificación dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes e procura de alternativas.

- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos do galego e na atención aos signos de puntuación.

Producción de textos escritos

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como instrucións e normas, mensaxes de chat ou de correo electrónico.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación impresos ou dixitais, especialmente noticias.
- Composición de textos propios do ámbito académico, especialmente conclusións sobre tarefas e aprendizaxes efectuadas, resumos, esquemas e exposicións sinxelas.
- Composición de textos narrativos e descritivos.
- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios... de cada escrito.
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- Recoñecemento das intencións comunicativas expresadas a través das modalidades oracionais.
- Recoñecemento e uso reflexivo dos mecanismos de cohesión textual como a deixé persoal, a actualización e a referencia interna de tipo gramatical e mais dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.
- Indución, a partir de usos contextualizados, da diferenza entre palabras flexivas e non flexivas e recoñecemento das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio), para o perfeccionamento da produción e comprensión textuais.
- Indución das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para a mellora das estruturas na construción e revisión de textos.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, n velar, entoación...), exposición a modelos positivos e práctica mediante a lectura de textos.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

- Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre clases de palabras e normativa.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- Coñecemento xeral da diversidade lingüística no mundo e no Estado español, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula, barrio...), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes.
- Coñecemento da nosa lexislación esencial en materia lingüística no ámbito do ensino e exercicio de reclamación de dereitos lingüísticos como alumno/a por medio de diferentes intervencións orais, en simulacións ou exposicións, e escritas.
- Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.
- Observación das principais diferenzas, contextuais e formais, entre usos de distintos niveis e rexistros, tanto na oralidade como na escrita.

Bloque 5. Educación literaria

- Selección guiada e lectura orientada de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de poemas recitados ou cantados, captando o uso dos recursos estilísticos principais do nivel semántico e os que conforman o ritmo poético.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de diferentes textos narrativos breves, recoñecendo a funcionalidade dos elementos formais básicos.
- Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de pezas teatrais, apreciando os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.
- Comparación entre textos literarios e non literarios e dos tres grandes xéneros.
- Creación de textos de intención literaria partindo dos trazos formais dos traballados na aula e das posibilidades lúdico-estéticas da lingua.
- Análise doutras linguaxes estéticas: o cómic.
- Aproveitamento guiado dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

2º ESO

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

Comprensión de textos

- Comprensión de novas de actualidade e de información de crónicas e de reportaxes procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentación de tarefas e de instrucións para a súa realización ou breves exposicións orais de temáticas variadas.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa.
- Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo e, xa que logo, ás noticias, reportaxes e crónicas que conteñen. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes, análise dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Producción de textos

- Exposición planificada, clara e ordenada, coa axuda das TIC, de informacións de actualidade que interesen ao alumnado tomadas dos medios de comunicación, poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar os feitos dos distintos medios.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico (achega de propostas e de información, intercambio de opinións, exposición de informes sobre as tarefas realizadas...).
- Coherencia entre comunicación verbal e non verbal na produción dos discursos e presentacións orais.
- Participación en situacións de comunicación reais ou simuladas propias da vida cotiá do alumnado adoptando o rexistro adecuado a elas.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva (por exemplo, aplicadas á solicitude de cambios).
- Interese por producir enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como diarios ou cartas persoais e solicitudes.
- Comprensión e análise de textos dos medios de comunicación, sobre todo de noticias, reportaxes e crónicas, atendendo ao lugar que ocupan na estrutura do xornal dixital e aos elementos paratextuais.
- Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo (incluídas webs educativas e informacións de dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes).
- Detección do tema e dos subtemas de narracións e aplicación a elas de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e das TIC como fonte de información e de modelos para a composición escrita.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes das noticias, reportaxes e crónicas dos medios de comunicación. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes, análise dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos do galego e na atención aos signos de puntuación.

Producción de textos escritos

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como diarios e cartas persoais ou solicitudes.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital; por exemplo noticias, crónicas e reportaxes.
- Composición, en soporte papel e dixital, de textos propios do ámbito académico (esquemas, resumos, exposicións e explicacións sinxelas, informes de tarefas e aprendizaxes efectuadas).
- Composición de textos narrativos e descritivos.
- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios... de cada escrito.
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- Revisión da adecuación de textos alleos e propios, con especial atención ao tratamento dos interlocutores e ás fórmulas de cortesía.
- Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os espaciais e os de oposición e contraste, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a deixé espacial e temporal, a relación entre os tempos verbais, as relacións de contraste –antonimia– e a referencia interna de tipo léxico, sobre todo a sinonimia e a elipse.
- Indución, a partir de usos contextualizados, da estrutura das palabras flexivas, especialmente substantivo e verbo, e recoñecemento dos seus aspectos morfolóxicos máis precisos para a mellora da comprensión e produción textuais.
- Distinción reflexiva entre os distintos elementos sintácticos no nivel da frase para a mellora das estruturas na construción e revisión de textos.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, n velar, entoación...), exposición a modelos positivos e práctica, especialmente durante as exposicións planificadas.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre flexión, relacións semánticas e normativa.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- Coñecemento xeral da situación das linguas minorizadas e das internacionais, con manexo e interpretación de mapas, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Comprensión da situación sociolingüística galega en canto a usos e actitudes xerais, realizando pequenos traballos que permitan recoñecer e analizar prexuízos lingüísticos.
- Coñecemento da nosa lexislación esencial en materia lingüística, a toponimia e a antroponimia.
- Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.

- Observación das principais diferenzas, preferentemente en textos orais, entre as variedades xeográficas da lingua galega.

Bloque 5. Educación literaria

- Selección guiada e lectura progresivamente autónoma de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de poemas recitados ou cantados, captando o valor funcional dos recursos estilísticos máis relevantes nos diferentes niveis.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de textos narrativos breves, contrastando os elementos estruturais e formais: distintas voces, perspectivas temporais, etc.
- Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de pezas teatrais, recoñecendo os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.
- Comparación entre textos pertencentes aos subxéneros literarios.
- Creación de textos de intención literaria partindo dos trazos formais dos traballados na aula e das posibilidades lúdico-estéticas da lingua.
- Análise doutras linguaxes estéticas: a canción.
- Aproveitamento guiado dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

3º ESO

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención ás entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes.
- Análise encamiñada á comprensión e á valoración crítica da comunicación televisiva e da radiofónica coas súas especificidades.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentación de tarefas e de instrucións para a súa realización, intervencións en simposios ou exposicións orais de temáticas variadas.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa. Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención ás procedentes das entrevistas, noticias, reportaxes e crónicas.

- Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios, detección dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con progresiva autonomía ás propias producións.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Producción de textos

- Exposición planificada, clara e ordenada sobre temas de actualidade que interesen ao alumnado tomadas dos medios de comunicación, contrastando os diferentes puntos de vista e opinións neles expresadas e axudándose dos medios audiovisuais e das TIC.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico (achega de propostas e de información, intercambio de opinións, breve exposición de traballos coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC, informes sobre as tarefas realizadas...).
- Participación en entrevistas e simposios simulados, así como en situacións de comunicación propias da vida cotiá do alumnado, adoptando o rexistro adecuado ás mesmas.
- Uso consciente dos elementos paraverbais (volumen de voz, velocidade, pausas, entoación) e non verbais (xestos, movementos...) na intervención oral planificada.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva (por exemplo, á hora de formular e reaccionar a críticas).
- Interese por producir enunciados correctos e non interferidos dende o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como actas de reunión, regulamentos...
- Comprensión de textos dos medios de comunicación, recoñecendo as diferenzas entre información e opinión en entrevistas, crónicas, reportaxes...
- Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo (incluídas webs educativas e informacións de dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes).
- Detección do tema e dos subtemas de textos expositivos e aplicación a

estes de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo.

- Utilización practicamente autónoma da biblioteca e das TIC para obter, organizar e seleccionar a información.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes de reportaxes, crónicas ou entrevistas dos medios de comunicación. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios, detección dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con progresiva autonomía ás propias producións.
- Lectura en voz alta adecuada aos patróns fonéticos do galego (entoación, fonética, sintáctica...) e fluidez lectora que favoreza a comprensión dos textos traballados na aula.

Producción de textos escritos

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como actas de reunión, solicitudes, etc.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital, fundamentalmente entrevistas, crónicas e reportaxes.
- Composición, en soporte papel e dixital, de textos, sobre todo expositivos, propios do ámbito académico, elaborados a partir de información obtida en distintas fontes. Elaboración de proxectos e de informes sobre tarefas e sobre aprendizaxes.
- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios, soporte... de cada escrito.
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos etc.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- Revisión da adecuación de textos alleos e propios, con recoñecemento das intencións comunicativas expresadas a través dos modos e perífrases verbais.
- Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores e de adición, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico, sobre todo a hiperonimia e a nominalización; análise e aplicación da función cohesiva das familias léxicas.
- Recoñecemento, sobre usos contextualizados, dos mecanismos de formación de palabras (derivación e composición), para o perfeccionamento da comprensión e produción textuais.

- Recoñecemento da diferenza entre funcións sintácticas e unidades que as desempeñan (incluíndo as que teñen forma oracional), de cara á mellora das estruturas na construción e revisión de textos, con emprego dunha terminoloxía sintáctica axeitada.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Identificación e revisión da estrutura do texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en diferentes textos expositivos, alleos e propios.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, *n* velar, entoación...), exposición a modelos positivos e aplicación práctica nas interaccións orais espontáneas.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre formación de palabras, familias léxicas e normativa.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- Coñecemento xeral e concreción no marco peninsular das causas que contribúen á formación, expansión, transformación, minorización, substitución e normalización das linguas, con manexo e interpretación de mapas, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación. Valoración positiva do plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Coñecemento xeral da formación da lingua galega e das distintas etapas da súa historia social até o século XIX, con manexo de textos da época e información dos medios e tecnoloxías da comunicación. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.
- Comprensión da situación sociolingüística galega a través da abordaxe dos fenómenos de contacto de linguas (bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico, interferencias...), desenvolvendo proxectos de traballo, con emprego dos medios audiovisuais e das TIC, que permitan enfrontar prexuízos lingüísticos.
- Coñecemento da nosa lexislación esencial en materia lingüística referida aos medios de comunicación e exercicio de reclamación de dereitos lingüísticos como usuario/a por medio de diferentes intervencións orais, en simulacións ou debates, e escritas (cartas, solicitudes...).

- Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.
- Recoñecemento das características contextuais e formais dos distintos niveis e rexistros, aplicación segundo as circunstancias da situación comunicativa e valoración da necesidade de adecuarse a elas.

Bloque 5. Educación literaria

- Selección e lectura autónoma de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo, especialmente da nosa realidade histórico-cultural anterior ao século XX.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de textos poéticos recitados ou cantados da literatura galega dende a Idade Media ao século XIX e da popular, comentando as motivacións e o tratamento das temáticas máis recorrentes en distintos períodos e a funcionalidade das sucesivas formas e recursos estéticos.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de prosa galega anterior ao século XX, así como de contos e lendas populares, recoñecendo as diversas concepcións da narrativa e os procedementos asociados.
- Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de fragmentos do teatro galego anterior ao século XX, observando as súas características.
- Desenvolvemento das tarefas colectivas pouco complexas ou elaboración de traballos sinxelos, ambos sobre as lecturas e o seu contexto (etapas, cultura e ambiente literarios, axentes etc.), entendendo o influxo determinante das circunstancias históricas e da situación sociolingüística na evolución do sistema literario galego.
- Creación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.
- Análise doutras linguaxes estéticas: o cinema.
- Aproveitamento progresivamente autónomo dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais

4º ESO

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo (debates, faladoiros, editoriais radiofónicos etc.).

- Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual, atendendo aos compoñentes verbais e non verbais da comunicación publicitaria.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentacións, relatorios, intervencións en mesas redondas etc.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa. Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en debates, exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención ás procedentes da publicidade e ás mensaxes implícitas e explícitas dos textos argumentativos. Detección dos usos lingüísticos discriminatorios e mais dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con autonomía ás propias producións.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Producción de textos

- Coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC, presentacións orais ben organizadas sobre temas de actualidade tomados dos medios de comunicación audiovisual que admitan distintos puntos de vista, diferenciando información, opinión e persuasión e inserindo a propia visión de maneira argumentada e respectuosa.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico, especialmente en autoavaliacións das tarefas realizadas e en presentacións orais, con axuda dos medios audiovisuais e das TIC, de traballos previamente elaborados.
- Participación activa en debates e noutras situacións de comunicación reais ou simuladas onde se expresen opinións acerca dun tema de actualidade do interese do alumnado, ofrecendo argumentos e respectando as normas que rexen a interacción oral organizada.
- Uso consciente dos elementos paraverbais (volumen de voz, velocidade, pausas, entoación) e non verbais (xestos, movementos etc.) na intervención oral planificada.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva, en especial á hora de rexeitar peticións e propostas cando sexa conveniente.
- Interese por producir enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relación sociais, como contratos ou correspondencia institucional e comercial.
- Comprensión de textos dos medios de comunicación, atendendo especialmente aos xéneros de opinión como editoriais, columnas, cartas ao director etc.
- Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación escritos, dos elementos verbais e non verbais que se empregan neles e das súas mensaxes explícitas e implícitas.
- Comprensión de textos do ámbito académico, como os procedentes de dicionarios, glosarios, enciclopedias e outras fontes de información en diversos soportes, incluíndo fragmentos de ensaios.
- Detección do tema e dos subtemas dun texto argumentativo, análise dos argumentos e elaboración de esquemas que reflectan que se captou a súa mensaxe principal e a súa estrutura.
- Utilización autónoma da biblioteca e das TIC para obter, organizar e seleccionar a información.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes da publicidade e dos xéneros de opinión nos medios de comunicación. Detección dos usos lingüísticos discriminatorios, dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con autonomía ás propias producións.
- Lectura en voz alta adecuada aos patróns fonéticos do galego (entoación, fonética sintáctica etc.) e fluidez lectora que favoreza a comprensión dos textos traballados na aula.

Producción de textos escritos

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como intervencións en foros e blogs, curricula vitae, reclamacións e solicitudes etc.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital, como cartas ao director, editoriais, artigos de opinión, columnas etc.
- Composición, en soporte papel e dixital, de textos, sobre todo expositivos e argumentativos, propios do ámbito académico e elaborados a partir de información obtida en distintas fontes. Redacción de proxectos e de informes sobre tarefas e sobre aprendizaxes.
- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios, soporte etc. de cada escrito.

- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos etc.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- Revisión da adecuación de textos alleos e propios, con especial atención ás formas de expresión da subxectividade e ao enfoque do tema, sobre todo en exposicións e argumentacións.
- Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico, sobre todo as metáforas, metonimias, paráfrases e comodíns.
- Recoñecemento das principais regras de combinación impostas polos verbos en función dos seus argumentos e revisión das conseguíntes estruturas sintácticas e os tipos de oración segundo a natureza do predicado, aplicándoas na construción e revisión de textos; emprego dunha terminoloxía sintáctica apropiada.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Identificación e revisión da estrutura do texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en diferentes textos argumentativos, alleos e propios.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, *n* velar, entoación etc.), exposición a modelos positivos e práctica.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- Coñecemento xeral da situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español, con manexo e interpretación de gráficos, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Coñecemento xeral das distintas etapas da historia social da lingua galega dende comezos do século XX, con manexo e interpretación de textos e

información dos medios e tecnoloxías da comunicación. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.

- Comprensión da situación sociolingüística de Galicia a través da revisión da presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos e dos factores de normalización, desenvolvendo proxectos de traballo, con emprego dos medios e tecnoloxías da información, que permitan afrontar e superar prexuízos lingüísticos.
- Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.
- Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega e da función da lingua estándar.

Bloque 5. Educación literaria

- Selección e lectura autónoma de obras fundamentais da literatura galega dende comezos do século XX até a actualidade adecuadas á idade. Recoñecer o papel dos personaxes femininos nestas obras.
- Lectura expresiva e comprensiva e audición de textos poéticos recitados ou cantados das distintas etapas da literatura galega dende o 1900, entendendo e apreciando os recursos empregados, sobre todo os que manifestan as innovacións dos principais movementos, grupos ou autoras e autores.
- Lectura expresiva e comprensiva e audición de textos da narrativa galega dos séculos XX e XXI, comentando os seus trazos e en especial a incorporación, por parte de certos grupos e autores/as, das novas visións do mundo e das técnicas modernas.
- Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de fragmentos ou breves obras teatrais galegas dos séculos XX e XXI, recollendo as diversas intencións e formas e resaltando as innovadoras.
- Desenvolvemento de tarefas colectivas sobre as lecturas e o seu contexto entendendo o influxo determinante das circunstancias históricas e da situación sociolingüística na evolución do sistema literario galego.
- Creación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.
- Aproveitamento practicamente autónomo dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

3. TEMPORALIZACIÓN.

Temos organizada a materia en 9 unidades didácticas en tódolos cursos dos dous ciclos; cada unha delas consta de distintos apartados, tendo en conta que en todos os cursos os contidos seleccionados toman como referencia os bloques e contidos que se determinan na lei.

O horario semanal para a área de Lingua galega e literatura é de catro sesións en 1º e de 3 en 2º, para o 1º ciclo da ESO; no 2º ciclo, en 3º e 4º curso, é de 3 períodos

semanais. Cada sesión ten unha duración de cincuenta minutos. Con base nestes aspectos a **distribución temporal** dos contidos será como segue en 1º e no 2º ciclo:

Primeiro trimestre: Unidades 1, 2, 3 .

Segundo trimestre: Unidades 4, 5 e 6.

Terceiro trimestre: Unidades 7, 8 e 9.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

1º ESO

- Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e académico, seguindo instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe.
- Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos escritos sinxelos dos ámbitos social e académico, seguindo instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe.
- Realizar exposicións e narracións orais planificadas claras e áxiles e participa de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Elaborar narracións e descripcións seguindo un modelo así como outros textos sinxelos propios da vida cotiá, das relacións sociais e dos medios de comunicación. Planificar e revisar os ditos textos coa axuda do profesorado aplicándolles normas básicas de adecuación, de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.
- Consultar, baixo a dirección do profesorado, textos en diferentes soportes, co fin de extraer a información solicitada e incorporala ás propias producións.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito dirixido os propios textos.
- Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñece e usa unha terminoloxía lingüística básica.
- Observar os condicionamentos máis evidentes da valoración e uso social do galego e utiliza a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- Recoñecer a diversidade lingüística do mundo actual, con especial atención ao contorno peninsular; coñece e usa os dereitos lingüísticos.
- Ler con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e recoñecendo os trazos xerais do xénero.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos xenéricos e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética

tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos a empregar.

2º ESO

- Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación e do ámbito escolar, e seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos escritos dos ámbitos social e académico, e seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de informacións de actualidade poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar uns mesmos feitos de diferentes medios, e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Escribir –a partir de modelos aos que se incorporan as propias achegas– textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico. Planificar e revisar os ditos textos con progresiva autonomía aplicándolles normas de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.
- Consultar de maneira progresivamente autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar a información relevante e incorporala ás propias producións, especialmente a traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar unha terminoloxía lingüística básica.
- Observar os condicionamentos actuais da valoración e uso social da lingua galega e utilízala con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- Recoñecer e comprender a diversidade lingüística do mundo actual.
- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando o uso dos elementos do xénero, o punto de vista e o emprego da linguaxe.

3º ESO

- Comprender a intención comunicativa implícita, o tema, a idea principal e as secundarias de textos propios dos medios de comunicación audiovisual. Así

mesmo, ser quen de seguir e recoller resumidamente o desenvolvemento oral dunha exposición académica.

- Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos escritos do ámbito público e dos medios de comunicación, así como da vida académica, analizando criticamente os seus contidos, interpretando as connotacións e mensaxes implícitas que deles se deduzan e inferindo o tema principal e os secundarios. Comprender e seguir as instrucións que regulan a vida social e os procesos de aprendizaxe complexos.
- Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade contrastando os diferentes puntos de vista e opinións expresadas en distintos medios audiovisuais. Participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adopta o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Escribir textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico, usando con progresiva liberdade os modelos propostos na aula.
- Planificar e revisar os mencionados textos de maneira case autónoma para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.
- Consultar de maneira case autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar e analizar criticamente a información relevante para integrala nas propias producións, especialmente en traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua, e coñecer e usa a terminoloxía lingüística adecuada.
- Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega anterior ao século XX; extraer os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego; utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- Recoñecer as causas da diversidade lingüística e dos procesos sociolingüísticos e mais coñece e fai uso dos dereitos nesta materia.
- Ler con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando a estrutura, os puntos de vista e o emprego da linguaxe.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, á evolución dos xéneros, formas e estilos e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos a empregar; explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que

aparecen e os autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas.

4º ESO

- Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual e do ámbito académico.
- Comprender textos escritos do ámbito público, dos medios de comunicación e da vida académica, identificando as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, contrastando explicacións e argumentos.
- Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade diferenciando información, opinión e persuasión, e participa de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (debates, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Escribir textos propios da vida cotiá, das relacións sociais, dos medios de comunicación e do ámbito académico tendo como referencia os modelos propostos na aula e expresando con claridade as propias opinións razoadas. Planificar e revisar autonomamente os ditos textos para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.)
- Consultar de maneira autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar información relevante, analizala criticamente, extraer conclusións fundamentadas e integralas nas propias producións, especialmente en traballos do ámbito académico adecuados ao nivel
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar con autonomía os propios textos
- Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñece e usa a terminoloxía lingüística adecuada.
- Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega.
- Extraer os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego.
- Utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos

comunicativos.

- Ler con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión argumentada sobre a lectura persoal dunha obra clásica da literatura contemporánea atendendo aos seus elementos estruturais e formais.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, ás innovacións e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán; explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas.

5. MÍNIMOS ESIXIBLES

1º ESO

- Lectura, recoñecemento e produción de textos narrativos, descritivos e dialogados.
- O alfabeto: correspondencias entre sons e grafías.
- Regras básicas de acentuación e de puntuación. A acentuación de ditongos, tritongos e hiatos.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio e preposición.
- Uso correcto do dicionario e doutras fontes de consulta de léxico.
- Afianzamento e uso do léxico dos campos semánticos do instituto, o deporte, os oficios e profesións, o corpo humano, a vestimenta, as TIC's, os medios de transporte, a ecoloxía e os animais.
- Respecto plas normas básicas de conduta que rexen o intercambio comunicativo.
- Respecto pola lingua do interlocutor e rexeitamento dos prexuízos lingüísticos.
- Valoración da nosa lingua como manifestación cultural dun pobo e consideración dos esforzos procedentes de todos os ámbitos por normalizar o seu uso.
- Interese pola lectura como fonte de satisfacción, coñecemento e información.

2º ESO

- Comprensión das ideas transmitidas nos textos adecuada á idade.
- Coñecemento das regras de acentuación e ortográficas.
- Organización formal dos textos: marxes, título, orde dos apartados. Expresar as ideas con coherencia, empregando de maneira reflexiva os nexos e

conectores textuais máis comúns. Utilizar con corrección os signos de puntuación.

- Emprego adecuado do dicionario.
- Lectura en voz alta respectando a regras de puntuación e coa entoación necesaria propias de cada tipo de texto.
- Utilización da lingua galega, oral e escrita, da forma máis axeitada á situación comunicativa, así como para elaboración todo tipo de producións (diarios e cartas persoais, noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos, e expositivos etc.) atendendo ás súas diferentes estruturas formais.
- Emprego de instrumentos de corrección na produción de textos escritos, respectando a ortografía e a puntuación dos textos.
- Elaboración de resumos, esquemas e mapas conceptuais a partir da información recibida nos textos.
- Produción de textos escritos de diferente tipoloxía, prestando atención á situación comunicativa e aos criterios de corrección ortográfica, acentual e puntual esixibles neste nivel.
- Coñecemento das distintas clases de palabras e corrección no seu uso.
- Coñecemento e identificación das principais funcións sintácticas no nivel da frase e da cláusula.
- Utilización do vocabulario dos distintos campos semánticos tratados ao longo do curso.
- Capacidade para debater sobre un tema, tras a busca e selección de información, establecendo unha liña argumentativa propia e respectando as regras sociocomunicativas e pragmáticas que rexen o debate.
- Identificación do xénero ao que pertence unha obra literaria, recoñecemento dos seus elementos estruturais e dos recursos estilísticos básicos e emisión dunha opinión valorativa sobre ela.
- Comprensión da situación das linguas minorizadas e da situación sociolingüística do galego.
- Coñecemento básico da lexislación en materia lingüística.

3º ESO

- Análise das seccións dun xornal e da noticia xornalística.
- Historia sintética da lingua galega dende a súa orixe.
- As regras básicas de acentuación e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras: substantivo, adxectivo, determinante, pronome e verbo.
- Afianzamento e uso do léxico dos campos semánticos da saúde e a sanidade, o tempo meteorolóxico, as árbores, o libro e as bibliotecas, as TIC, o peixe, os sentidos e as vacacións.
- Identificación de palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas xunto coa análise dos elementos que as compoñen.
- Coñecemento das principais etapas da literatura galega ata o século XX e comentario de textos medievais e do Rexurdimento.
- Respecto polas normas que rexen o intercambio comunicativo.

- Respecto pola lingua do interlocutor e rexeitamento dos prexuízos lingüísticos.
- Interese por expresarse oralmente e por escrito con propiedade.
- Interese pola lectura como fonte de coñecemento e pracer.

4º ESO

- Comprensión das ideas transmitidas nos textos.
- Dedución de tema, argumento e ideas principais nos textos literarios.
- Coñecemento das regras de acentuación, ortográficas e de puntuación.
- Organización formal dos textos: marxes, título, orde, tipos de parágrafos.
- Expresión das ideas con coherencia, empregando de maneira reflexiva os nexos e conectores textuais máis comúns.
- Lectura en voz alta respectando as regras de puntuación e coa entoación necesaria propias de cada tipo de texto.
- Utilización da lingua galega, oral e escrita, da forma máis axeitada á situación comunicativa, así como para a elaboración de todo tipo de producións (noticias, artigos de opinión, textos argumentativos, cartas formais, comentarios literarios, currículo...) atendendo ás súas diferentes estruturas formais.
- Emprego de instrumentos de corrección na produción de textos escritos, respectando a ortografía e a puntuación dos textos.
- Produción de textos escritos de diferente tipoloxía, prestando atención á situación comunicativa e aos criterios de corrección ortográfica, acentual e puntual esixibles neste nivel.
- Coñecemento das principais etapas e autores da literatura galega do século XX.
- Coñecemento das distintas unidades e funcións sintácticas. Distinción entre cláusulas (simples e complexas) e oracións.
- Utilización do vocabulario dos distintos campos semánticos tratados ao longo do curso.
- Identificación do xénero ao que pertence unha obra literaria, recoñecer os seus elementos estruturais e os recursos estilísticos básicos e emitir unha opinión valorativa sobre ela.
- Coñecemento da historia externa da lingua galega no século XX.
- Coñecemento das principais características dos bloques dialectais.
- Coñecemento das funcións da lingua estándar.
 - Capacidade para debater sobre un tema, tras a busca e selección de información, establecendo unha liña argumentativa propia e respectando as regras sociocomunicativas e pragmáticas que rexen o debate.

- Elaboración de investigacións simples: organización, estrutura, presentación.

6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

A cualificación dos alumnos pretende reflectir unha valoración do grao de consecución dos obxectivos tendo en conta todo os tipos de contidos e o grao de adquisición das competencias.

En todos os cursos, os/as alumnos/as recibirán unha cualificación por trimestre que pretende valorar equitativamente todos os tipos de contidos. Entendemos que o grao de madurez con doce anos é distinto ao que se ten con quince, polo que establecemos POR CICLOS a puntuación nos distintos apartados:

a) PRIMEIRO CICLO DE ESO

- Polas probas realizadas ao longo do trimestre poderán obter un máximo de 6 puntos. É imprescindible acadar 3 puntos neste apartado para sumar os demais e poder aprobar a avaliación.

- O dominio axeitado da expresión oral suporá 1 punto.

- As lecturas de cada trimestre e as actividades relacionadas con elas achegaranlle á nota un máximo de 1,5 puntos; é condición indispensable para aprobar a materia, ler o/os libro/s, é dicir, ter acadado a cualificación de APTO. Se ocorre o contrario, a profesora poderá dar ao alumno/ outra/s oportunidade/s para demostrar que realizou a lectura correspondente.

- O 15% restante para acadar o 10 repartiríase do seguinte xeito: polo comportamento na aula e a actitude ante a materia e a propia lingua, o traballo diario na aula e na casa, 0,5 puntos; no proceso de creación e composición de textos escritos e o caderno de clase, 1 punto.

b) SEGUNDO CICLO DE ESO

- Polas probas realizadas ao longo do trimestre poderán obter un máximo de 7 puntos;deberán obter un mínimo de 3 puntos para poder sumar os dos outros apartados que veñen a continuación. As lecturas de cada trimestre e as actividades relacionadas con elas entran dentro deste apartado e é necesario acadar 5 puntos para engadir os méritos que veñen deseguido. É condición indispensable para aprobar a materia, ler o/os libro/s. Se ocorre o contrario, a profesora poderá dar ao alumno/ outra/s oportunidade/s para demostrar que realizou a lectura correspondente.

- O dominio axeitado da expresión oral suporá 1 punto.

- Os textos de elaboración propia, solicitados pola profesora como actividade para asentar técnicas de construción, puntuarán un máximo de 1punto.

- O traballo, atención, participación e actitude cara á asignatura computará 1punto.

Puntualizacións importantes:

- Cada lectura extraordinaria que realicen será cualificada cun máximo de 1punto, que se engadirá á cualificación global da avaliación correspondente.

- Cada negativo que reciba o alumno baixará 0,25 na nota da avaliación ata un máximo de 1 punto. Para recuperar o negativo serán necesarios dous positivos. O profesor daralle a oportunidade de conseguir positivos para que poidan restar os negativos.
- Copiar traballos ou exames implica unha nota de 0.
- A aqueles alumnos que non usen o galego ou non se desenvolvan correctamente na lingua galega poderáselles baixar a nota global de avaliación ata 1 punto.
- Na corrección de exames por cada erro de ortografía e expresión baixárase 0,05 por faltas leves e 0,10 por faltas graves. Poderase baixar ata un máximo de 2 puntos.
- Os traballos ou exames ilexibles deberán ser modificados. Para poder corrixir isto o profesor reforzará a caligrafía do alumno durante o curso, se ao final non hai unha evolución positiva este poderá suspender a materia.

NOTA: A profesora do curso e grupo correspondente, no uso da liberdade de cátedra, poderá modificar e adaptar estes criterios segundo sexan as características do grupo e /ou dalgún alumno en particular.

7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

A lei sinala que “a avaliación será continua e diferenciada segundo as diferentes materias do currículo e levarase a cabo tendo en conta os obxectivos específicos de cada materia”. A avaliación da nosa área terá en conta esta e tódalas demais directrices desta orde, polo que adoptaremos como puntos de partida básicos para a avaliación os seguintes:

- A avaliación será **continua e formativa**. Continua non quere dicir en ningún caso que terá en conta só os resultados finais, senón que, tendo en conta a situación de partida de cadaquén, valoraranse continuamente todos os aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe.

- A necesidade dunha axeitada **avaliación inicial**. A partir da información recollida, o profesor seleccionará aqueles contidos e obxectivos máis axeitados ás realidades dos escolares e planificará as actividades que lles permitan progresar desde a situación de partida. Esta avaliación previa realizarase para coñecer o grao de coñecemento do idioma, a súa lingua habitual, as lecturas realizadas nos dous idiomas...

Antes do desenvolvemento das unidades **explicaráselles aos alumnos** en que consistirá a avaliación: os instrumentos para avaliar, os aspectos que recibirán atención e criterios de cualificación, influencia de valoracións parciais na valoración final...

A avaliación non se limitará só á adquisición de conceptos, tamén terán unha importancia fundamental as actitudes e os procedementos que permiten, e demostran, a adquisición das competencias.. Concederáselle un interese especial á avaliación das actitudes en canto ás disposicións psicosociais dos escolares sobre o idioma (actitudes afectivo-positivas ou afectivo-negativas, prexuizos...); para esta cuestión debemos partir da realidade sociolingüística do noso contorno escolar.

As sesións de avaliación na área de lingua galega e literatura para os alumnos ordinarios de ESO serán tres e terán a seguinte distribución:

1ª avaliación.....decembro.
2ª avaliación.....marzo
3ª avaliación.....xuño.

Ademais, celebrarase unha sesión de avaliación extraordinaria en setembro, nas datas que fixe a Consellería e o centro, para os alumnos que non superasen a avaliación final ordinaria de xuño.

8. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Os uso dos distintos **instrumentos de avaliación** estarán moi ligados ao tipo de contido que esteamos avaliando; deste xeito, para a avaliación de cada alumno utilizaremos os seguintes instrumentos:

- Ao longo de cada trimestre, realizarase un mínimo de dúas probas escritas que incluírán contidos de lingua e literatura, combinados na mesma proba ou por separado.
- Para valorar a competencia oral, utilizarase a observación na aula de intervencións orais; ademais poderase encomendar a realización de pequenas exposicións orais sobre distintos temas relacionados coa materia; finalmente, cada trimestre realizarase unha proba oral na que se terán en conta os seguintes aspectos: fonética, dominio do léxico e da gramática e uso da variedade e o rexistro adecuados.
- Cada trimestre avaliaranse as lecturas encomendadas mediante unha ficha de lectura, un exame ou unha proba que estime a profesora, que os alumnos deberán entregar nunha data concreta ou mediante unha proba oral ou escrita. Se o alumno non acadase a cualificación de APTO e as circunstancias o aconsellasen, poderá realizar novas probas ata acadar a puntuación necesaria para darlle a oportunidade de aprobar a avaliación.
- Periodicamente recolleráselle ao alumnado textos escritos de creación propia e de distinto tipo: narracións, poemas, exposicións, argumentacións, pequenas pezas teatrais....Estes textos deberán ser entregados nos prazos fixados, puidendo chegar a acadar unha cualificación negativa de non seren

respectados. Seranlles devoltos coa cualificación que se lle outorga e coas observacións para que as revisen se fose necesario.

- Finalmente, teremos en conta aspectos como o traballo na casa e na aula, a atención, a asistencia, a puntualidade, o traballo en grupo, o coidado do material ou o respecto á profesora, aos compañeiros e a cada un dos membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas do RRI. A profesora botará man da observación sistemática e do rexistro continuo de datos no seu caderno.

9. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA.

Ademais do traballo cos textos introdutorios de cada unidade dos distintos cursos da nosa programación, o departamento ten previstas as seguintes actividades para contribuír ao proxecto lector:

1. Lectura, a comezo ou final da sesión (ó redor de 5 ou 10 minutos), por parte do profesor, e co fin de despertar no alumnado a curiosidade, dun fragmento motivador dunha obra literaria, aproveitando diferentes motivos: a publicación dun libro, a concesión dun premio a un escritor, a súa relación cun aspecto que se está tratando na aula, a celebración de datas como o Día da paz, o Día mundial da poesía...
2. Cada trimestre, os alumnos deben abordar a lectura dun título ofrecido polo profesor, que logo avaliará os resultados mediante probas orais, escritas, fichas de lectura ou outros medios. Pode tratarse dun libro único para todos ou que os alumnos elixan entre un elenco de títulos de diferentes xéneros (novela, relato, poesía, teatro...) ofrecido polo profesor.
3. Noutros casos, o profesor, coa colaboración e achegas dos alumnos, crea unha biblioteca de aula, que se cambia cada trimestre. Logo cada alumno, escolle unha lectura, á que dedicará un tempo mínimo de 15 minutos diarios en silencio, que pode levar á casa cando o desexe. Cando se remata, dispón dun "caderno de viaxe" no que dá a súa opinión sobre a obra e/ou manifesta con palabras, ilustracións, etc. o que lle suxeriu a súa lectura. Normalmente, cada alumno/a le dúas obras por trimestre.
4. Nalgunhas sesións o profesor presenta cuestións moi diversas arredor dun mesmo tema que os alumnos deben resolver utilizando distintas fontes documentais (atlas, libros de texto, webs...) na biblioteca do centro.
5. Dende a nosa área tentaremos colaborar co club de lectura da biblioteca "Á lus de San Finx" e levaremos o club de lectura de alumnos de secundaria e o club

de lectura de PDC.

5. Periodicamente, o profesorado propondrá a creación de textos de distintos tipos a partir de numerosos detonantes (música, ilustracións, outros textos...). Rematado o proceso de escrita, farase unha sesión de lectura na que os alumnos escoitarán e valorarán as creacións dos seus compañeiros e lerán a propia

10. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC.

O Decreto 133/2007, no seu anexo VI, regula os plans de integración das tecnoloxías da información e a comunicación nos centros e o último parágrafo do apartado 7 d) da Orde do 6 de setembro de 2007, pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establece que, nas programacións didácticas de cada unha das materias, quedará expreso o tratamento de fomento das Tecnoloxías da información e da comunicación.

O Departamento colaborará, ao longo do presente curso, no fomento da utilización das novas tecnoloxías relacionadas coa información e a comunicación. Neste sentido, estas son as actuacións previstas máis salientables:

- Busca de información sobre cuestións, sobre todo literarias e sociolingüísticas, en páxinas web facilitadas polo profesor.
- Participación en webquest e outras actividades, mesmo xogos, sempre relacionados cos contidos da materia e baixo a guía e supervisión do profesor na aula de informática.
- Participación nas bitácoras relacionadas co centro (Blogdasilva e outros) ou alleas a el, onde exporán as súas opinións e achegas sobre distintos temas, co fin de traballar os distintos tipos de texto.
- Participación na páxina do centro, onde se introducirán as distintas actividades realizadas ao longo do curso.
- Participación no blogues de clubs de lectura, onde os rapaces farán recensións e comentarios sobre os libros .
- Visitaremos páxinas web doutros centros e comprobaremos o grao de desenvolvemento de cada una delas con respecto á do noso.
- Elaboración de traballos expositivos en power point (irase facendo de maneira progresiva e segundo o desenvolvemento dos alumnos).
- Traballos e realización de actividades dalgunha unidade didáctica a través do programa moodle.

11. PROCEDIMIENTO PARA A CUALIFICACIÓN DE MATERIAS PENDENTES OU DA NOTA FINAL DO ALUMNADO QUE SEGUE PROGRAMAS DE REFORZO CON ATRIBUCIÓN HORARIA.

Este curso contamos con dezaseis alumnos de 1º e quince alumnos de 2º que teñen necesidade dunha hora de reforzo educativo de lingua galega no seu horario semanal.

Os alumnos serán cualificados polo profesor que imparta lingua galega no seu grupo, que será o encargado de pórles a nota final; para a cualificación, tanto parcial como final, contará coa información que lle proporcione a profesora de reforzo en base aos criterios de avaliación e cualificación.

III. PLAN DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DO ALUMNADO SEN REFORZO.

No curso 2014-2015 temos os seguintes alumnos/as coa materia de lingua galega pendente:

- 1º ESO: 6 alumnos.
- 2º ESO: 4 alumnos
- 3º ESO: 2 alumnos

1. CONTIDOS EXIXIBLES

Os contidos mínimos exixibles son os que están fixados para cada curso na programación ordinaria e tamén aqueles outros que foron propostos polo departamento nos boletíns de exercicios de recuperación.

2. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.

No caso dos alumnos coa materia do curso anterior pendente, en outubro farase unha reunión con eles para ofrecerlles material de traballo que será proporcionado ao alumno polo profesorado do departamento, que tamén realizará un seguimento e avaliación continuados e periódicos dese traballo.

Iráselles revisando as actividades e poden acudir cando o desexen ás profesoras para solicitarlles axuda e orientación (a axuda recibirana nos recreos dun día da semana nunha aula determinada).

Deberán entregar unha primeira parte das actividades en xaneiro e unha segunda en abril. En cada quenda, devolveráselles corrixidas individualmente para que estuden para as avaliacións de maio e setembro. Ademais, deberán ler un libro en cada nivel.

En canto aos materiais, facilitaráselles libros, fotocopias e a relación de contidos mínimos que deben adquirir.

3. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN.

- O 12 de xaneiro de 2015 deben entregar a primeira parte das actividades encomendadas á xefa de departamento ou á profesora encargada da súa avaliación.
- A segunda entrega farana o 13 de abril de 2015.

Este material seralles devolto convenientemente corrixido para que repasen e preparen a proba de avaliación de maio.

- Cara a mediados ou finais de maio (esta data está pendente de confirmación pola xefatura de estudos), realizarán unha proba escrita na que se incluírán:
 - Algúns exercicios semellantes aos entregados nas fichas.
 - Algunhas cuestións relacionadas co libro de lectura.
 - Algunha pregunta de literatura.

Os libros de lectura son os seguintes:

- Francisco Castro, *Chamádeme Simbad*, Xerais (1º)
- Teresa Calo, *Marta ante o espello*, Xerais (2º)
- Teresa Moure, *Unha primavera para Aldara*, Xerais (3º)

4. CRITERIOS PARA SUPERAR AS MATERIAS PENDENTES POLA AVALIACIÓN CONTINUA.

Os criterios de avaliación para estes alumnos serán os que marca a lei para o nivel do que se avalíen. Se ben a situación destes alumnos ten peculiaridades propias, na medida do posible axustarémonos ás directrices marcadas para a avaliación dos demais alumnos da ESO.

No tocante aos criterios de cualificación, a puntuación final terá en conta:

- O traballo desenvolvido ao longo do curso (40%).
- A proba escrita de maio (60%).

Para aprobar, é condición indispensable aprobar cada unha das partes. Por outra banda, tendo en conta que a nosa é unha materia con contidos progresivos, os alumnos que acaden os obxectivos do curso no que están matriculados terán superada a materia pendente (segundo indica a lexislación Orde do 30 de setembro de 2004, DOG do 22 de outubro de 2004 e corrección de erros, DOG de 17 de novembro de 2004).

IV.ASPECTOS XERAIS.

O grupo 2ºESO C están formado por alumnos do “Contrato Programa”, no que se desenvolven dúas liñas nas que entran todos os alumnos: redución do abandono escolar e mellora da lecto-escritura.

Unha alumna de 2ºESO A solicitou a exención na nosa materia e xa lle foi concedida pola dirección do centro.

O departamento deixa marxe de liberdade para que cada unha das profesoras desenvolva o seu propio proxecto dentro das aulas, mais asenta unha serie de acordos comúns relativos a certas cuestións esenciais co fin de garantir ao alumnado un tratamento equitativo por parte de calquera dos seus membros.

Dada a amplitude e minuciosidade con que se trataron todos os apartados nesta programación, e por outra parte, dada a concreción deste apartado, só nos deteremos a comentar que esta é unha programación de intencións, pois na data en que se entrega non coñecemos a boa parte do alumnado co que imos traballar. Na memoria final reflectiranse os cambios realizados ao longo do curso debido ao alumnado, á falta de tempo ou outras variables.

V. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

A nosa orientación metodolóxica baséase na concepción construtivista da aprendizaxe: trátase de que o alumnado estableza vínculos motivados entre o que ten que aprender e o que xa sabe. Para eso teremos en conta, á hora de planificar actividades de aprendizaxe nas unidades didácticas, os seguintes factores:

- As novas aprendizaxes estarán axustadas ao nivel de desenvolvemento do alumno, evitando as desmotivacións ou o aburrimiento pola excesiva facilidade/dificultade das aprendizaxes.
- Os contidos que se teñen que aprender terán unha organización interna que permita a conexión lóxica entre os seus elementos e utilizarán unha terminoloxía e un vocabulario accesibles.
- Estas aprendizaxes deben verse como necesarias para aprendizaxes posteriores: o que aprendemos en lingua é útil.
- Finalmente, a memorización é comprensiva e o alumno comprenderá o aprendido e poderá utilizalo en situacións diferentes daquelas nas que os aprendeu.

Trátase, en fin, de que os alumnos “aprendan a aprender”. Os profesores temos coñecementos, pero tamén somos organizadores, animadores dun grupo social que vive na aula: propondo actividades distintas, intervindo oportunamente...

En canto aos contidos seleccionados, á súa organización e á selección de actividades, o enfoque didáctico baseouse nos seguintes eixos básicos:

- Enfoque comunicativo. A lingua é unha ferramenta e o que aprendemos ten como finalidade o seu uso correcto, tanto oral como escrito.
- A potenciación da práctica oral, traballando cos alumnos os recursos léxicos e expresivos que fagan posible unha rica fluidez verbal.
- O papel relevante da escritura, que aparece con forza nas novas formas de comunicación interpersonal facendo a súa práctica moi necesaria.
- Importancia da lectura. A lectura en galego, tanto na súa dimensión formativa como na súa dimensión lúdica, terá un tratamento fundamental nas clases.
- Atención especial á literatura, ofrecendo textos dunha variada tipoloxía.
- Importancia dos medios de comunicación, dándolles a coñecer aos alumnos as súas características específicas.
- Fomento de actitudes positivas cara á lingua. As actitudes negativas presentes nunha parte da sociedade é o problema esencial co que se enfronta a normalización. Estas actitudes deben ter un tratamento específico a través dos contidos, as actividades e, sobre todo, as actitudes do profesorado.

VI. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Tendo en conta os distintos aspectos da nosa programación (obxectivos, contidos e a súa secuenciación, a metodoloxía...), o departamento considerou axeitada a elección dos materiais que ofrece Edicións Xerais.

O alumnado dispón, polo tanto, dos libros *Lingua galega e literatura*, Xerais, para 1º, 2º, 3º e 4º de ESO. Ademais diso, o profesor/a botará man, cando o considere oportuno, daqueles títulos de interese que sexan útiles para o traballo na aula, sobre todo daquelas publicacións que lle dean unha maior importancia á dimensión práctica (libros de actividades de reforzo e ampliación, obradoiros de lingua oral e escrita, de iniciación á escrita literaria...). Tamén se utilizarán como recursos de aula os xornais e revistas dixitais e/ou impresos. Co fin de ir mellorando no uso das TIC na vida escolar, recorreremos ao uso de internet para actividades tan variadas como a busca de información, a realización de actividades ou a participación en xogos e concursos..., entre outras.

No tocante aos **libros de lectura**, tanto no primeiro ciclo coma no segundo, para aprobar é imprescindible ler unha obra por trimestre; a lectura de máis obras valorarase positivamente nas cualificacións finais de avaliación.

No 1º ciclo, as lecturas propostas son as seguintes:

1º ESO

1ª avaliación:

Lectura obrigatoria :

- Xabier P. Docampo, *O misterio das badaladas*, Xerais

Ademais, teremos como lectura complementaria o poemario *Cidades*, de Fran Alonso.

2ª avaliación:

A lectura obrigatoria é:

- Marcos Calveiro, *Palabras de auga*, Xerais

Traballaremos na aula o teatro, con títulos como *Pingueiras e tarteiras*, de Teresa González Costa; *Sopa de xarope de amora*, de X. Antón Neira Cruz ou *Boas noites*, de Paula Carballeira.

3ª avaliación:

A lectura obrigatoria será:

- Susana Vallejo, *O espírito do último verán*, Edebé Rodeira.

Ademais, dedicaremos as sesións de lectura na aula a traballar coa banda deseñada.

As lecturas complementarias utilizaraas o profesor como libro de lectura do trimestre para momentos puntuais ou ben será o libro lido na aula na sesión de lectura semanal que se pretende realizar.

2º ESO

1º trimestre: Jaureguizar, *Tintimán en Vigo. Amor de serea.*

2º trimestre: Leticia Costas, *O corazón de Xúpiter*

3º trimestre: José Mauro de Vasconcelos, *A miña planta de laranxa lima*

En 2º C, formado polos alumnos do Contrato Programa, no 1º trimestre lerán *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares; no segundo, *Déixao medrar*, de Xurxo Gómez Silvestre; no 3º leremos *Cartas de inverno*, de Agustín Fernández Paz.

No 2º ciclo, as lecturas fixadas son as seguintes:

3º ESO

1º trimestre:

Irmán do vento, de Manuel Lourenzo González

2º trimestre:

Obrigatorio: *Ámote*, Leo A., de Rosa Aneiros

Optativo: *Alexandra*, de Lola Gándara

3º trimestre: Obrigatorio: *A piragua*, de Cándido Pazó

Optativo: *Corredores de sombras*, de Agustín Fernández Paz

4º ESO

1º trimestre:

Obrigatorio: *Flor de area*, de Manuel Lourenzo González

Optativo: *Poetízate*, de Fran Alonso

2º trimestre:

Obrigatorio: *Dos arquivos do trasno*, de Rafael Dieste

Optativo: *Pepa a loba*, de Carlos Reigosa

3º trimestre:

Obrigatorio: *Ollos de auga*, de Domingo Villar

Optativo:

- *Rúa Carbón*, de Marilar Alexandre

Na escolla destes títulos tivemos en conta a idade dos alumnos, as temáticas que tratan e os xéneros literarios, procurando a variedade no cambio de trimestre.

Por outra banda, propiciárase a lectura doutras obras da literatura contemporánea, traballando de cando en cando na aula con fragmentos motivadores delas. Para iso, estaremos atentas a novidades editoriais que vaian aparecendo e noticias interesantes que vaian xurdindo ao redor dos nosos escritores (premios, estreas de cine ou teatro baseadas en obras literarias...).

VII. PROGRAMACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS.

A lei dispón que “estarán presente, ao longo de toda a etapa, e a través das distintas áreas, uns contidos transversais aos que a sociedade é especialmente sensible, como a saúde e calidade de vida, educación ambiental, educación para a paz, educación do consumidor, educación para a igualdade entre os sexos, educación para o lecer e educación vial”.

A materia de Lingua e Literatura, pola amplitude temática e ideolóxica que lle é inherente, resulta un hábito idóneo para o tratamento de temas e dimensións transversais que na nosa proposta didáctica se reflicten nos contidos procedementais e actitudinais de cada unidade. Préstaselles a estes temas unha especial atención, que se manifesta de forma notable en dous aspectos: a selección de textos, e a proposta de actividades que promovan a presenza dos temas transversais na aula.

En cada unha das unidades aparecen reflectidos os contidos transversais que se traballan en cada momento.

Educación moral e cívica

A tipoloxía textual pode propiciar a receptividade de valores solidarios e democráticos e o respecto polas opinións alleas expresadas a través da lingua oral e escrita. A literatura é un campo privilexiado de transmisión de principios e valores morais, alén de impulsar o diálogo crítico.

Nos aspectos de sociolingüística trabállase o respecto á diversidade lingüística, ás opcións non coincidentes coa propia. Neste sentido preténdese unha valoración xusta e equilibrada das diversas culturas, evitando prexuizos que atenten contra a dignidade e discriminacións culturais. Tamén se analizan as circunstancias históricas, políticas e culturais que actúan na valoración e no recoñecemento das linguas.

Educación para a paz

Os temas que se ocupan da diversidade lingüística e dialectal do mundo e das linguas minorizadas, así como os que versan sobre os distintos rexistros lingüísticos, préstanse especialmente para fomentar os comportamentos respectuosos coas diferenzas individuais e colectivas e a procura do diálogo ante os conflitos.

Educación para a saúde

En moitas unidades contamos con actividades e textos que permiten identificar e avaliar o propio estilo de vida e establecer cambios naquelas prácticas nocivas para a saúde. Analizarase a linguaxe dos medios de comunicación de masas para identificar as influencias sociais e mediáticas na formación dunha imaxe sa e equilibrada, que permita superar as dificultades e tomar decisións con autonomía e responsabilidade.

Levaranse á aula textos que axuden a reflexionar sobre as causas e as consecuencias

individuais e sociais relacionadas coa drogodependencia, para favorecer a elaboración de valores fundamentais e, como consecuencia, de actitudes críticas e de rexeitamento.

Educación para a igualdade entre os sexos

Os textos literarios e xornalísticos son os principais ámbitos de achegamento á dignidade persoal e ao feminismo, propiciando a reflexión sobre a discriminación sexual. Débense revisar, asemade, os trazos sexistas na linguaxe.

Educación ambiental

Tamén neste caso a literatura, con abundante e plural presenza da natureza, permite acrecentar o respecto polo medio ambiente. O tema da diversidade lingüística e o concepto de autoodio relaciónanse coas orixes e co respecto á terra.

Educación do consumidor

O estudo dos medios de comunicación, coa reflexión sobre o seu uso da lingua, esixe espertar o espírito crítico ante as mensaxes publicitarias e afianzar un hábito preventivo ante os mecanismos sedutores da mercadotecnia.

Educación vial

Será outra vez a través dos textos, literarios e xornalísticos sobre todo, como se traballará este tema, educando na convivencia, no respecto e na procura de que non sexan transgredidas as normas de tráfico.

VIII. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Segundo o currículo oficial, “na etapa da ESO –rapaces entre 12 e 16 anos-, os intereses, motivacións e actitudes dos alumnos diferéncianse progresivamente e acrecéntase a diversidade. Isto, unido a distintos estilos e ritmos de aprendizaxe de cada alumno, dará lugar a que os niveis de adquisición sexan diferentes”.

Na nosa materia atenderase a aqueles alumnos/as con necesidades educativas especiais, tanto a aqueles que amosen dificultades e limitacións na súa capacidade de aprender, como aos máis dotados e que progresan cunha maior rapidez.

A atención á diversidade abórdase a través de:

- Exercicios complementarios de gramática que inciden nas habituais carencias que presenta o alumnado nesta etapa educativa e que axudan a reforzar os coñecementos xa adquiridos en cursos anteriores: acentuación, léxico, morfoloxía e semántica, gramática.
- Lecturas de textos guiados mediante unha serie de preguntas que incidan nos aspectos e características máis relevantes da teoría literaria.
- Axudas puntuais por parte do docente.
- Variación na composición dos grupos de traballo para conseguir axuda de compañeiros cos que empatizan máis; en traballos individuais recomendarémoslles que traballen acompañados.
- Modificación de actividades en canto á súa complexidade.
- Actividades de reforzo, recuperación ou ampliación que poidan realizar individualmente, sendo útiles os recursos audiovisuais e informáticos.

No 1º ciclo asistirán a reforzo de lingua dunha hora semanal dezaseis alumnos de 1º e quince alumnos de 2 segundo expuxemos antes. Tratarase de traballar con eles sobre todo a comprensión lectora e faranse actividades destinadas a mellorar a escrita e a capacidade de redacción e expresión.

No momento de elaborar a programación non temos ningún alumno CON ACS; hai ningunha exención en lingua galega como dixemos máis arriba.

IX.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades están destinadas a contribuír á formación integral dos alumnos/as e a servir como complemento do seu traballo propiamente escolar. Á hora de organizar estas actividades hai que ter en conta tamén as características que ofrece o contexto socioeconómico e cultural en que se desenvolve o noso traballo docente: o ambiente familiar, as peculiaridades do alumnado, do centro e do contorno (vid. apartado correspondente).

Para o curso 2014-2015 están previstas as seguintes actividades **complementarias** (en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan: visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes):

- Xornada de convivencia con algún escritor galego.
- Algún dos seguintes roteiros literarios: a ruta rosaliana ou a ruta dos escritores en Celanova, en 3º ESO; e a ruta literaria de Rianxo co alumnos de 4º ESO, aproveitando a lectura de *Dos arquivos do trasno*.
- Asistencia a obras de teatro en Santiago ou comarca.
- Visionado de cine/vídeo didáctico en galego ou relacionado coa lingua ou distintos aspectos de Galicia.
- Audicións musicais en galego.
- Colaboración nas actividades do Equipo de Dinamización Lingüística e do Equipo de Biblioteca- clubs de lectura.
- Colaboración cos distintos seminarios e proxectos de formación do centro.
- Actividades de divulgación da vida e obra dos nosos escritores (exposicións...)
- Visita a algún medio de comunicación (prensa, radio ou TV).
- Celebracións do Día da non violencia contra a muller, o Día da paz, Día do libro, Semana da prensa, Día da tradución, datas escollidas para conmemorar dun xeito conxunto todo o centro.
- Semana das Letras galegas, con actividades en torno á figura de Xosé Filgueira Valverde.

X. PROGRAMACIÓN DAS MATERIAS PARA CADA CURSO DE ESO.

1. 1º ESO

UNIDADE 1

Obxectivos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva (texto narrativo).
- Identificar as ideas principais dun texto narrativo e elaborar resumos, esquemas etc., tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Ampliar a información sobre determinados temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Identificar os textos literarios e distinguilos dos non literarios.
- Diferenciar os xéneros literarios (narrativa, poesía e teatro).
- Recoñecer os nomes máis comúns dos elementos dunha aula e dos termos relacionados co ensino.
- Empregar o léxico con precisión.
- Recoñecer antónimos.
- Comprender a diversidade lingüística existente no mundo.
- Analizar as diferentes linguas do mundo e o seu proceso de espallamento ou de substitución.
- Reflexionar sobre os individuos multilingües ou políglotas.
- Identificar os distintos elementos que interveñen en calquera acto de comunicación.
- Recoñecer as características e a estrutura dun texto.
- Identificar as diferenzas entre texto e parágrafo.
- Recoñecer as características dun enunciado.
- Distinguir a intención comunicativa dos enunciados.
- Identificar as letras e dígrafos que forman o alfabeto galego.

Contidos

- Textos literarios e non literarios. Clasificación e características.

- Os xéneros literarios.
- Características e clasificación: narrativos, dramáticos e líricos.
- Léxico relacionado co instituto e a educación.
- As linguas do mundo: diversidade lingüística e familias lingüísticas.
- Individuos multilingües ou políglotas.
- A comunicación e os seus elementos: emisor, receptor, mensaxe, código e canle.
- O texto e a súa estrutura.
- Os parágrafos e a súa formación.
- A intención comunicativa e os tipos de enunciado: enunciativo, interrogativo, exclamativo, dubitativo, desiderativo e exhortativo.
- O alfabeto: letras e dígrafos.

Criterios de avaliación

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexa con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Realizar unha lectura comprensiva (texto narrativo).
- Identificar as ideas principais dun texto narrativo e elabora resumos, esquemas etc., tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Ampliar a información sobre determinados temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Identificar os textos literarios e distíngueos dos non literarios.
- Diferenciar os xéneros literarios (narrativa, poesía e teatro).
- Recoñecer os nomes máis comúns dos elementos dunha aula e dos termos relacionados co ensino.
- Empregar o léxico con precisión.
- Recoñecer antónimos.
- Comprender a diversidade lingüística existente no mundo.
- Analizar as diferentes linguas do mundo e o seu proceso de espallamento ou de substitución.
- Reflexionar sobre os individuos multilingües ou políglotas.
- Identificar os distintos elementos que interveñen en calquera acto de comunicación.

- Recoñecer as características e a estrutura dun texto.
- Identificar as diferenzas entre texto e parágrafo.
- Recoñecer as características dun enunciado.
- Distinguir a intención comunicativa dos enunciados.
- Identifica as letras e dígrafos que forman o alfabeto galego.

Contidos mínimos

Son os recollidos nos criterios de avaliación.

Competencias

- Adquisición de novo léxico mediante a utilización dun dicionario.
- Comprensión e análise de distintos aspectos dun texto.
- Identificación e análise dos textos literarios.
- Recoñecemento dos diferentes xéneros literarios (textos narrativos, dramáticos e líricos) a partir das características que presentan.
- Ampliación do léxico propio do campo semántico tratado (o instituto).
- Interese pola diversidade e polas familias lingüísticas.
- Análise das diferentes linguas existentes no mundo e do seu proceso de espallamento e de substitución.
- Análise, interpretación e recoñecemento dos elementos que interveñen en diferentes actos de comunicación.
- Recoñecemento de textos, enunciados, parágrafos e oracións a partir dun texto dado.
- Identificación da intención comunicativa a partir dun enunciado dado.
- Identificación das letras e dígrafos do galego.

Temporalización

4 semanas ou 16 sesións.

Recursos didácticos

Textos: Ademais do libro de texto e os dicionarios, utilizaremos algunhas fotocopias achegadas pola profesora para completar ou simplificar contidos ou para realizar actividades puntuais.

Cartografía: atlas e mapas de Galiza e mapamundi para traballar a diversidade lingüística..

Materiais audiovisuais e tecnoloxías da información: acceso a Internet para localización de datos, realización de actividades puntuais.

Unidade 2

Obxectivos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva (texto instrutivo).
- Identificar as ideas principais dun texto instrutivo e elaborar resumos, esquemas etc., tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Ampliar a información sobre determinados temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Identificar os textos instrutivos e as características que os diferencian doutro tipo de textos.
- Elaborar textos instrutivos.
- Recoñecer cando un texto presenta adecuación ao contexto, ao tema, ao destinatario e á intención comunicativa.
- Identificar o vocabulario propio da xerxa xuvenil.
- Identificar o tema dun texto e do título.
- Recoñecer os nomes e os significados dos elementos que teñen relación co deporte.
- Recoñecer as diferentes clases de substantivos segundo a súa clasificación semántica.
- Comprender o xénero do susbtantivo e as regras de formación do feminino.
- Comprender o número do substantivo e as regras de formación do plural.

- Identificar os tipos de adxectivos (explicativos e especificativos), así como os graos en que se poden presentar (positivo, comparativo e superlativo).
- Recoñecer as sílabas que forman as palabras e os distintos tipos de palabras dependendo do número de sílabas.
- Diferenciar o ditongo, o tritongo e o hiato.

Contidos

- Os textos instrutivos e as súas características: orde, sinxeleza e claridade.
- A adecuación textual. Factores da adecuación.
- O tema e o título dun texto.
- Léxico relacionado co deporte.
- O substantivo.
- Clasificación semántica dos substantivos.
- O xénero. Substantivos invariables e formación do feminino.
- O número. Formación do plural.
- O adxectivo.
- Tipos de adxectivo e graos (positivo, comparativo e superlativo).
- A sílaba. Tipos de palabras segundo o número de sílabas.
- Ditongo, tritongo e hiato.

Criterios de avaliación

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexa con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Realizar unha lectura comprensiva (texto instrutivo).
- Identificar as ideas principais dun texto instrutivo e elabora resumos, esquemas etc., tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Ampliar a información sobre determinados temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Identificar os textos instrutivos e as características que os diferencian doutro tipo de textos.
- Elaborar textos instrutivos.
- Recoñecer cando un texto presenta adecuación ao contexto, ao tema, ao destinatario e á intención comunicativa.

- Identificar o vocabulario propio da xerga xuvenil.
- Identificar o tema dun texto e do título.
- Recoñecer os nomes e os significados dos elementos que teñen relación co deporte.
- Recoñecer as diferentes clases de substantivos segundo a súa clasificación semántica.
- Comprender o xénero do susbtantivo e as regras de formación do feminino.
- Comprender o número do substantivo e as regras de formación do plural.
- Identifica os tipos de adxectivos (explicativos e especificativos), así como os graos en que se poden presentar (positivo, comparativo e superlativo).
- Recoñecer as sílabas que forman as palabras e os distintos tipos de palabras dependendo do número de sílabas.
- Diferencia o ditongo, o tritongo e o hiato.

Contidos mínimos

Son os recollidos nos criterios de avaliación.

Competencias

- Adquisición de novo léxico mediante a utilización do dicionario.
- Lectura e comprensión de textos.
- Elaboración de textos instrutivos de creación propia.
- Recoñecemento da adecuación dun texto ao contexto, tema, destinatario e intención.
- Recoñecemento das características dos textos instrutivos.
- Identificación do vocabulario propio da xerga xuvenil.
- Identificación do tema dun texto e do título.
- Recoñecemento dun texto adecuado ao contexto, ao tema, ao destinatario e á intención comunicativa.
- Ampliación do vocabulario propio do campo semántico tratado (o deporte).
- Identificación e clasificación dos substantivos dependendo do significado, do xénero e do número.
- Recoñecemento e diferenciación dos distintos tipos de adxectivos (explicativos ou epítetos e especificativos).

- Identificación e formación dos distintos graos que presenta o adxectivo (positivo, comparativo e superlativo).
- Clasificación das palabras dependendo do número de sílabas que as forman.
- Recoñecemento dos ditongos, tritongos e hiatos.

Temporalización

4 semanas ou 16 sesións.

Recursos didácticos

Textos: Ademais do libro de texto e os dicionarios, utilizaremos algunhas fotocopias achegadas pola profesora para completar ou simplificar contidos ou para realizar actividades puntuais.

Cartografía: mapa de Galiza e mapamundi para localizar distintos puntos: lugar de nacemento de autores, localización xeográfica de obras/textos...

Materiais audiovisuais e tecnoloxías da información: acceso a Internet para localización de datos, realización de actividades puntuais.

UNIDADE 3

Obxectivos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva (a banda deseñada).
- Identificar as ideas principais dun texto e elaborar resumos, esquemas etc., tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Ampliar a información sobre determinados autores e autoras consultando páxinas de Internet.
- Traballar en equipo e buscar información de temas de actualidade, coa finalidade de realizar unha exposición oral ou escrita planificada.
- Identificar a utilización nos cómics das elipses narrativas, os tipos de plano, as onomatopeas, os signos cinéticos etc.

- Elaborar unha banda deseñada.
- Recoñecer os nomes e o significado dos oficios e das profesións.
- Identificar os sufixos que achegan o significado de oficio, profesión ou emprego.
- Empregar o léxico con precisión.
- Reflexionar sobre a relación entre o número de linguas e o número de Estados en Europa.
- Distinguir entre linguas minorizadas e linguas dominantes.
- Entender como as linguas acompañaron os procesos de conquista e colonización.
- Identificar as formas dos artigos, así como as contraccións que se producen con determinadas preposicións.
- Identificar as formas dos demostrativos, así como as contraccións que se producen con determinadas preposicións.
- Identificar as formas dos posesivos, os numerais e os indefinidos.
- Explicar cando se deben acentuar e cando non as palabras.
- Recoñecer as sílabas tónicas das palabras.

Contidos

- A banda deseñada.
- As imaxes das bandas deseñadas. O encadre e os tipos de plano.
- As palabras das bandas deseñadas. Os globos.
- O ruído e o movemento. As onomatopeas e os signos cinéticos.
- Léxico relacionado cos oficios e as profesións.
- A Europa plurilingüe. Estados con diversidade lingüística.
- Linguas minorizadas e linguas dominantes.
- Linguas compañeiras dos procesos de colonización e conquista.
- Os determinantes: artigos, demostrativos, posesivos, numerais e indefinidos.
- Contraccións de preposicións con determinantes.
- Regras de acentuación ortográfica.
- As palabras monosílabas.
- As palabras agudas, graves e esdrúxulas.

Criterios de avaliación

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.

- Realiza unha lectura comprensiva (a banda deseñada).
- Identificar as ideas principais dun texto e elabora resumos, esquemas etc., tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Ampliar a información sobre determinados autores consultando páxinas de Internet.
- Traballar en equipo e buscar información de temas de actualidade, coa finalidade de realizar unha exposición oral ou escrita planificada.
- Identificar a utilización nos cómics das elipses narrativas, os tipos de plano, as onomatopeas, os signos cinéticos etc.
- Elaborar unha banda deseñada.
- Recoñecer os nomes e o significado dos elementos relacionados cos oficios e coas profesións.
- Identificar os sufixos que achegan o significado de oficio, profesión ou emprego.
- Empregar o léxico con precisión.
- Reflexionar sobre a relación entre o número de linguas e o número de Estados en Europa.
- Distinguir entre linguas minorizadas e linguas dominantes.
- Entender como as linguas acompañaron os procesos de conquista e colonización.
- Identificar as formas dos artigos, así como as contraccións que se producen con determinadas preposicións.
- Identificar as formas dos demostrativos, así como as contraccións que se producen con determinadas preposicións.
- Identificar as formas dos posesivos, os numerais e os indefinidos.
- Explicar cando se deben acentuar e cando non as palabras.
- Recoñecer as sílabas tónicas das palabras.

Contidos mínimos

Son os recollidos nos criterios de avaliación.

Competencias

- Comprensión e análise de distintos aspectos dun texto.

- Comprensión do sentido global dunha banda deseñada, con identificación dos grandes temas que estean presentes nela.
- Recoñecemento e análise dos elementos que conforman a linguaxe do cómic.
- Construción de sinxelas bandas deseñadas, utilizándoas como medio para a narración de experiencias ou creacións persoais.
- Ampliación do léxico do campo semántico tratado (os oficios e as profesións).
- Reflexión sobre a relación entre o número de linguas e o número de Estados en Europa.
- Diferenciación entre linguas minorizadas e linguas dominantes.
- Comprensión de como as linguas acompañaron os procesos de conquista e colonización.
- Identificación de determinantes (artigos, demostrativos, posesivos, numerais, indefinidos), así como das contraccións que realizan con algunhas preposicións.
- Uso con corrección das regras de acentuación

Temporalización

4 semanas ou 16 sesións.

Recursos didácticos

Textos: Ademais do libro de texto e os dicionarios, utilizaremos algunhas fotocopias achegadas pola profesora para completar ou simplificar contidos ou para realizar actividades puntuais. Tamén se traballará coa sección de banda deseñada en galego da nosa biblioteca.

Cartografía: mapa de España para situar as linguas peninsulares e de Galiza para localizar distintos puntos: lugar de nacemento de autores, localización xeográfica de obras/textos...

Materiais audiovisuais e tecnoloxías da información: acceso a Internet para localización de datos, realización de actividades puntuais...

UNIDADE 4

Obxectivos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva (texto descritivo).
- Identificar as ideas principais dun texto descritivo e elaborar resumos, esquemas etc., tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Ampliar a información sobre determinados temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Empregar no seu adecuado contexto a fraseoloxía e os usos figurados de determinadas palabras.
- Identificar os textos descritivos e as distintas clases de descrición.
- Escribir diferentes descricións, utilizando nuns casos o enfoque obxectivo e noutros o subxectivo.
- Recoñecer cando un texto presenta coherencia.
- Identificar a idea principal dun texto e dun parágrafo, así como o tema.
- Redactar textos que conteñan determinadas ideas principais.
- Recoñecer os nomes e o significado das partes do corpo humano.
- Identificar sinónimos.
- Identificar as formas do pronome persoal tónico e átono coas funcións que desempeñan.
- Recoñecer e empregar con corrección os pronomes átonos de segunda persoa (*te* e *che*).
- Identificar a correcta colocación do pronome persoal átono.
- Coñecer e saber utilizar os alomorfos do pronome átono en función de CD.
- Identificar os casos en que se debe empregar a diérese.
- Coñecer cando e por que se debe empregar correctamente o til diacrítico.

Contidos

- A descrición e as súas características.
- Clases de descricións (obxectivas ou denotativas e subxectivas ou connotativas).

- A coherencia e as condicións para que un texto sexa coherente (calidade e cantidade da información, organización, falta de contradición, claridade).
- Idea principal.
- Léxico relacionado co corpo humano.
- O pronome persoal.
- Pronomes tónicos e pronomes átonos.
- O pronome átono de segunda persoa singular (*te* e *che*).
- A colocación do pronome.
- Pronome átono de terceira persoa en función de complemento directo.
- O til diacrítico.
- A diérese.

Criterios de avaliación

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexa con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Realizar unha lectura comprensiva (texto descritivo).
- Identificar as ideas principais dun texto descritivo e elaborar resumos, esquemas etc., tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Ampliar a información sobre determinados temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Empregar no seu adecuado contexto a fraseoloxía e os usos figurados de determinadas palabras.
- Identificar os textos descritivos e as distintas clases de descrición.
- Escribir diferentes descricións, utilizando nuns casos o enfoque obxectivo e noutros o subxectivo.
- Recoñecer cando un texto presenta coherencia.
- Identificar a idea principal dun texto e dun parágrafo, así como o tema.
- Redactar textos que conteñan determinadas ideas principais.
- Recoñecer os nomes e o significado das partes do corpo humano.
- Identificar sinónimos.
- Identificar as formas do pronome persoal tónico e átono coas funcións que desempeñan.
- Recoñecer e empregar con corrección os pronomes átonos de segunda persoa (*te* e *che*).
- Identificar a correcta colocación do pronome persoal átono.
- Coñecer e saber utilizar os alomorfos do pronome átono en función de CD.
- Identificar os casos en que se debe empregar a diérese.

- Coñecer cando e por que se debe empregar correctamente o til diacrítico.

Contidos mínimos

Son os recollidos nos criterios de avaliación.

Competencias

- Adquisición de novo léxico mediante a utilización do dicionario.
- Lectura e comprensión de textos
- Redacción de textos narrativos tendo en conta as características propias da tipoloxía.
- Elaboración de textos de creación propia.
- Construción de textos descritivos de carácter persoal, atendendo ás características desta tipoloxía tratados na unidade.
- Identificación dos textos descritivos e dos distintos tipos de descrición, así como dos trazos que os identifican.
- Recoñecemento da coherencia nun texto.
- Identificación da idea principal dun texto e dun parágrafo, así como o tema.
- Redacción de textos que conteñan determinadas ideas principais.
- Ampliación do léxico propio do campo semántico que se trata (o corpo humano).
- Recoñecemento dos pronomes persoais tónicos e átonos e das distintas funcións que poden desempeñar na oración.
- Uso dos pronomes persoais tónicos e átonos na produción de textos propios.
- Colocación correcta na oración do pronome persoal átono respecto do verbo.
- Identificación e uso correcto das palabras que levan til diacrítico nos textos de laboración propia.
- Uso correcto da diérese.

Temporalización

4 semanas ou 16 sesións.

Recursos didácticos

Textos: Ademais do libro de texto e os dicionarios, utilizaremos algunhas fotocopias achegadas pola profesora para completar ou simplificar contidos ou para realizar actividades puntuais.

Cartografía: mapa de Galiza para localizar distintos puntos: lugar de nacemento de autores, localización xeográfica de obras/textos...

Materiais audiovisuais e tecnoloxías da información: acceso a Internet para localización de datos, visita de páxinas web relacionadas con distintos aspectos, realización de actividades puntuais...

UNIDADE 5

Obxectivos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva (texto dialogado).
- Identificar as ideas principais dun texto dialogado e elaborar resumos, esquemas etc., tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Ampliar a información sobre determinados temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Identificar os textos dialogados, así como os dous modos fundamentais de presentar o diálogo (estilo directo e estilo indirecto).
- Identificar e diferenciar as cartas persoais, o correo electrónico e as mensaxes de móbil.
- Elaborar cartas persoais e transformalas noutro tipo de textos dialogados.
- Recoñecer os nomes e o significado de distintas pezas de roupa, do calzado e dos complementos de vestir.
- Empregar no seu adecuado contexto a fraseoloxía e os usos figurados de determinadas palabras.
- Traballar en equipo e simular diálogos, coa finalidade de realizar unha exposición oral planificada e de empregar con corrección o léxico aprendido.

- Reflexionar sobre a situación das linguas no Estado español e identificar áreas bilingües ou trilingües.
- Coñecer a situación legal e social das linguas en España.
- Identificar as linguas máis próximas e máis distantes.
- Clasificar os verbos tendo en conta a conxugación e os morfemas que os compoñen (raíz e desinencias).
- Identificar o tempo e o modo das distintas formas verbais e empregar con corrección estas variables.
- Recoñecer e usar con corrección os grafemas *c*, *z* e *qu*.
- Recoñecer e usar con corrección os grupos consonánticos *cc* e *ct*.

Contidos

- Tipos de conversas orais e/ou escritas (diálogo, chat, cartas e correo electrónico) e características.
- O estilo directo e o estilo indirecto.
- Léxico relacionado coa vestimenta.
- A situación legal e a situación social das linguas no Estado español.
- Os verbos regulares.
- As conxugacións.
- Partes das formas verbais: raíz e desinencias.
- O tempo: presente, pasado, futuro.
- O modo: indicativo, subxuntivo, imperativo.
- Uso de *c / z / qu*.
- Uso de *c / cc, t / ct*.

Criterios de avaliación

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexa con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Realizar unha lectura comprensiva (texto dialogado).
- Identificar as ideas principais dun texto dialogado e elabora resumos, esquemas etc., tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Ampliar a información sobre determinados temas de interese consultando páxinas de Internet.

- Identificar os textos dialogados, así como os dous modos fundamentais de presentar o diálogo (estilo directo e estilo indirecto).
- Identificar e diferenciar as cartas persoais, o correo electrónico e as mensaxes de móbil.
- Elaborar cartas persoais e transformalas noutro tipo de textos dialogados.
- Recoñecer os nomes e o significado de distintas pezas de roupa, do calzado e dos complementos de vestir.
- Empregar no seu adecuado contexto a fraseoloxía e os usos figurados de determinadas palabras.
- Traballar en equipo e simular diálogos, coa finalidade de realizar unha exposición oral planificada e de empregar con corrección o léxico aprendido.
- Reflexionar sobre a situación das linguas no Estado español e identifica áreas bilingües ou trilingües.
- Coñecer a situación legal e social das linguas no Estado español.
- Identificar as linguas máis próximas e máis distantes do galego.
- Clasificar os verbos tendo en conta a conxugación e os morfemas que os compoñen (raíz e desinencias).
- Identificar o tempo e o modo das distintas formas verbais e emprega con corrección estas variables.
- Recoñecer e usa con corrección os grafemas *c*, *z* e *qu*.
- Utilizar correctamente os grupos consonánticos *cc* e *ct*.

Contidos mínimos

Son os recollidos nos criterios de avaliación.

Competencias

- Adquisición de novo léxico mediante a utilización do dicionario.
- Lectura e comprensión de textos.
- Redacción de textos dialogados tendo en conta as características propias da tipoloxía.
- Elaboración de textos de creación propia.
- Identificación dos textos dialóxicos e do estilo directo e mais o indirecto.

- Creación de textos dialogados segundo as convencións empregadas para a súa plasmación na escrita.
- Ampliación do léxico do campo semántico tratado na unidade (a vestimenta).
- Coñecemento xeral da diversidade lingüística no Estado español, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Coñecemento da situación legal e social das linguas en España.
- Identificación das linguas máis próximas e máis distantes.
- Recoñecemento do verbo e das súas conxugacións.
- Identificación do tempo e do modo a que pertencen as formas verbais.
- Uso correcto dos grafemas *c*, *z* e *qu*.
- Uso correcto dos grupos consonánticos *cc* e *ct*.

Temporalización

4 semanas ou 16 sesións.

Recursos didácticos

Textos: Ademais do libro de texto e os dicionarios, utilizaremos algunhas fotocopias achegadas pola profesora para completar ou simplificar contidos ou para realizar actividades puntuais.

Cartografía: mapa de Galiza para localizar distintos puntos: lugar de nacemento de autores, localización xeográfica de obras/textos... Mapa de España para coñecer as comunidades autónomas e localizar as linguas da Península.

Materiais audiovisuais e tecnoloxías da información: acceso a Internet para localización de datos, , realización de actividades puntuais como redacción de correos electrónicos, chats.

UNIDADE 6

Obxectivos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva (textos poéticos).

- Identificar as ideas principais dun texto poético e elaborar resumos, esquemas etc., tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Ampliar a información sobre determinados temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Identificar os textos poéticos e as principais características que presentan (ritmos, rima e recursos da linguaxe poética).
- Elaborar textos poéticos a partir dun tema dado.
- Traballar en equipo e elaborar acrósticos e caligramas, coa finalidade de atender ao contido e á forma dos textos poéticos.
- Recoñecer as relacións que se establecen entre os distintos elementos dun texto para lograr a cohesión textual.
- Empregar con corrección a técnica do subliñado que permite resaltar as ideas máis importantes dun texto.
- Recoñecer os nomes e os significados dos aparellos relacionados coas novas tecnoloxías.
- Identificar os verbos que presentan alternancias vocálicas e os verbos irregulares.
- Recoñecer e empregar con corrección as formas infinitas (infinitivo, xerundio e participio) e as perífrases verbais.
- Relacionar as perífrases verbais cos significados que posúe cada unha delas.
- Utilizar correctamente os grafemas *b* e *v*.

Contidos

- Os textos poéticos e as súas características en canto ao contido e á forma.
- O ritmo e a rima.
- Rima consonante e asonante.
- Recursos da linguaxe poética: repetición de elementos.
- A poesía como xogo: caligramas e acrósticos.
- A cohesión.
- O subliñado. Técnicas para subliñar.
- Léxico relacionado coas novas tecnoloxías.

- Os verbos con alternancia vocálica.
- Os verbos irregulares.
- Formas infinitas e perífrases verbais.
- Uso de *b / v*.

Criterios de avaliación

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva (textos poéticos).
- Identificar as ideas principais dun texto poético e elabora resumos, esquemas etc., tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Ampliar a información sobre determinados temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Identificar os textos poéticos e as principais características que presentan (ritmos, rima e recursos da linguaxe poética).
- Elaborar textos poéticos a partir dun tema dado.
- Traballar en equipo e elabora acrósticos e caligramas, coa finalidade de atender ao contido e á forma dos textos poéticos.
- Recoñecer as relacións que se establecen entre os distintos elementos dun texto para lograr a cohesión textual.
- Empregar con corrección a técnica do subliñado que permite resaltar as ideas máis importantes dun texto.
- Recoñecer os nomes e os significados dos aparellos relacionados coas novas tecnoloxías.
- Identificar os verbos que presentan alternancias vocálicas e os verbos irregulares.
- Recoñecer e emprega con corrección as formas infinitas (infinitivo, xerundio e participio) e as perífrases verbais.
- Relacionar as perífrases verbais cos significados que posúe cada unha delas.
- Utilizar correctamente os grafemas *b* e *v*.

- **Contidos mínimos**

Son os recollidos nos criterios de avaliación.

Competencias

- Adquisición de novo léxico mediante a utilización do dicionario.
- Lectura e comprensión de textos.
- Redacción de textos poéticos tendo en conta as características propias da tipoloxía.

- Lectura en voz alta de textos poéticos, prestando especial atención ao ritmo.
- Identificación de textos poéticos e análise das súas características.
- Recoñecemento dos recursos máis usuais empregados na linguaxe poética (aliteración, anáfora e paralelismo).
- Elaboración de textos poéticos de produción propia combinando a expresividade e a creatividade coa inclusión dos recursos poéticos aprendidos.
- Recoñecemento das relacións que se establecen entre os distintos elementos dun texto para lograr a cohesión textual.
- Uso da técnica do subliñado para resaltar as ideas máis importantes dun texto.
- Ampliación do léxico propio do campo semántico que se trata (as novas tecnoloxías).
- Recoñecemento dos verbos que presentan alternancias vocálicas no presente de indicativo, así como a análise destas.
- Recoñecemento das formas infinitas e das perífrases verbais, así como os diferentes valores que presentan.
- Uso correcto dos grafemas *b* e *v*.

Temporalización

4 semanas ou 16 sesións.

Recursos didácticos

Textos: Ademais do libro de texto e os dicionarios, utilizaremos algunhas fotocopias achegadas pola profesora para completar ou simplificar contidos ou para realizar actividades puntuais.

Cartografía: mapa de Galiza para localizar distintos puntos: lugar de nacemento de autores, localización xeográfica de obras/textos...

Materiais audiovisuais e tecnoloxías da información: acceso a Internet para localización de datos, de blogues de poesía, visita de páxinas web de poesía e poetas galegos, ...

UNIDADE 7

Obxectivos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde

alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.

- Ler textos de forma comprensiva (texto narrativo).
- Identificar as ideas principais dun texto narrativo e elaborar resumos, esquemas etc., tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Ampliar a información sobre determinados temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Empregar no seu adecuado contexto a fraseoloxía e os usos figurados de determinadas palabras.
- Traballar en equipo e buscar información de temas de actualidade, coa finalidade de realizar unha exposición oral ou escrita planificada.
- Recoñecer os textos narrativos e os seus elementos.
- Identificar a voz narradora de distintos textos narrativos.
- Elaborar textos narrativos atendendo a distintas voces e puntos de vista.
- Recoñecer as palabras relacionadas cos medios de transporte.
- Identificar a familia léxica á que pertence un grupo de palabras.
- Recoñecer os distintos significados dunha palabra polisémica.
- Observar a situación sociolingüística no contorno máis próximo e elaborar unha biografía lingüística.
- Reflexionar sobre a importancia do bilingüismo.
- Recoñecer as medidas de normalización lingüística.
- Identificar os prexuizos lingüísticos.
- Identificar os adverbios e as frases adverbiais.
- Identificar as preposicións e as frases preposicionais.
- Utilizar con corrección o grafema *h*.

Contidos

- O texto narrativo. Elementos do texto narrativo: personaxes, espazo, tempo, voz narradora e punto de vista.
- A voz narradora. O punto de vista.
- Léxico relacionado cos medios de transporte.
- As linguas ambientais en Galicia. A biografía lingüística.

- A normalización lingüística.
- A desigualdade social e os prexuízos lingüísticos.
- O adverbio, a locución adverbial e a frase adverbial.
- A preposición e a frase preposicional.
- Uso do *h*.

Criterios de avaliación

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva (texto narrativo).
- Identificar as ideas principais dun texto narrativo e elabora resumos, esquemas etc., tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Ampliar a información sobre determinados temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Empregar no seu adecuado contexto a fraseoloxía e os usos figurados de determinadas palabras.
- Traballar en equipo e busca información de temas de actualidade, coa finalidade de realizar unha exposición oral ou escrita planificada.
- Recoñecer os textos narrativos e os seus elementos.
- Identificar a voz narradora de distintos textos narrativos.
- Elaborar textos narrativos atendendo a distintas voces e puntos de vista.
- Recoñecer as palabras relacionadas cos medios de transporte.
- Identificar a familia léxica á que pertence un grupo de palabras.
- Recoñecer os distintos significados dunha palabra polisémica.
- Observar a situación sociolingüística no seu contorno e elabora unha biografía lingüística.
- Reflexionar sobre a importancia do bilingüismo.
- Recoñecer as medidas de normalización lingüística.
- Identificar os prexuízos lingüísticos.
- Identificar os adverbios e as frases adverbiais.
- Identificar as preposicións e as frases preposicionais.
- Utilizar con corrección o grafema *h*..

Contidos mínimos

Son os recollidos nos criterios de avaliación.

Competencias

- Lectura, comprensión e análise de distintos aspectos dun texto (texto narrativo).
- Elaboración de textos creativos propios tendo en conta as características dos textos narrativos.
- Identificación da voz narradora dun texto narrativo, así como do punto de vista dende o que se conta a historia.
- Elaboración de textos narrativos tendo en conta uns personaxes, un espazo, un tempo e uns acontecementos determinados.
- Ampliación do léxico propio do campo semántico que se trata (os medios de transporte).
- Observación da situación sociolingüística no contorno máis próximo e elaboración dunha biografía lingüística.
- Reflexión sobre a importancia do bilingüismo.
- Recoñecemento das medidas de normalización lingüística.
- Identificación dos prexuízos lingüísticos.
- Recoñecemento de adverbios, locucións adverbiais e frases adverbiais.
- Recoñecemento de preposicións, locucións preposicionais e frases preposicionais.
- Utilización correcta do grafema *h*.

Temporalización

4 semanas ou 16 sesións.

Recursos didácticos

Textos: Ademais do libro de texto e os dicionarios, utilizaremos algunhas fotocopias achegadas pola profesora para completar ou simplificar contidos ou para realizar actividades puntuais.

Cartografía: mapa de Galiza para localizar distintos puntos: lugar de nacemento de autores, localización xeográfica de obras/textos...; tamén para situar determinados fenómenos dialectais, etc.

Materiais audiovisuais e tecnoloxías da información: acceso a Internet para

localización de datos, visita de páxinas web relacionadas coa promoción do galego; visionado de documentais sobre prexuízos...

UNIDADE 8

Obxectivos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva (texto xornalístico).
- Identificar as ideas principais dun texto xornalístico e elaborar resumos, esquemas etc., tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Ampliar a información sobre determinados temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Traballar en equipo e buscar información de temas de actualidade, coa finalidade de realizar unha exposición oral ou escrita planificada.
- Coñecer as distintas seccións dun xornal, segundo o tema que traten.
- Diferenciar as distintas partes da primeira páxina dun xornal.
- Distinguir os xéneros xornalísticos (informativos, de opinión, mixtos).
- Identificar os principais mecanismos de cohesión textual (anáfora ou repetición, deíxe e substitución).
- Empregar con corrección a técnica do resumo como forma de desenvolver as capacidades de síntese, organización de ideas e de expresión escrita.
- Recoñecer os nomes relacionados co coidado do medio.
- Recoñecer os prefixos que serven para formar palabras.
